

A NOSA TERRA



ANO XV · 15 DE ABRIL · 1993

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 565 · 150 PTA.

Os peregrinos bérranlle torero-torero!! ao botafumeiro

Pasada a Semana Santa a catedral compostelá recuperaba a tranquilidade e na última hora do luns albergaba ás/os abonados de diário, algún paseante e uns turistas que curioseaban na tenda de *souvenirs* onde o éxito de vendas é a cerámica de Talavera.

(Páxinas 8 e 9)

A corrupción é a pantalla dunha crise provocada pola mala dirección económica

As eleccións da crise

PP e PSOE apoiaron o acordo de Maastricht e o *Plan de Convergencia* con Europa. A precipitación de malas noticias económicas desminte unha política consensuada, no fundamental, por ambos partidos. A corrupción é a consecuencia, non a causa, deste momento político. As vindeiras eleccións poden outorgar ademais un quinto da Cámara dos Deputados a forzas nacionalistas. Está en xogo a futura política económica e a conformación do Estado.




As protestas dos comités de empresa nos actos eleitorais poden voltar a repetirse nos próximos comicios. Na fotografía, traballadores da factoría de Alumina-Aluminio interrompen un mitin socialista.

X.MARRA

A OBRA LITERARIA DE EDUARDO BLANCO-AMOR

Xavier Carro

Introducción á vida e á literatura de Blanco-Amor, con especial atención a *A esmorga*.



galaxia

Vitor Vaqueiro: 'O capitalismo é especialización, eu prefiro a Leonardo da Vinci'

Desde 1979 até hoxe a obra de Vitor Vaqueiro ten evolucionado desde a poesía de intervención ao territorio, que el considera o seu natural, da narrativa. O compromiso coa lingua, razonado desde a insubornabilidade da súa escola normativa, fixoo descer desde o cimo dos premios, a un silencio que non lle preocupa, alonxado de círculos intelectuais. "O soño dirixido" editado por *Ir Indo* nos mínimos da AS-PG, provocou reaccións encontradas.

(Páxinas 24 e 25)

Georges Labica: 'A política da dereita francesa será continuista da dos socialistas'

Georges Labica, fundador da revista *Dialectiques* e autor de *O Estatuto Marxista da Filosofía* falou na *X Semana de Filosofía de Pontevedra* das relacións entre a revolución francesa e a relixión así como das medidas que tomara a Convención neste senso. Para Labica a caída do Partido Socialista era previsible xa que virose de costas aos problemas da sociedade. Na entrevista comenta a situación política da Franza despois das eleccións.

(Páxinas 14 e 15)

A polémica entre católicos e ateos reanúdase na X Semana de Filosofía

A polémica entre humanismo e anti-humanismo dos anos 60 na Franza reaparece na *X Semana Galega de Filosofía* que organiza a *Aula Castelao* de Pontevedra sobre o tema *Filosofía e Relixión*. Os teólogos católicos Enrique Dussel e Leonard Boff polemizan cos ateos Josep Montserrat Torrents, Georges Labica e Gonzalo Puente Ojea que estuda a estrutura e instrumentos de poder da Igrexa católica desde a súa constitución.

(Páxina 19)

Os dous grandes partidos estatais coincidiron no seu apoio a Maastricht e ao *Plan de Convergencia*

O PP oculta que sempre deu apoio ás principais propostas económicas do PSOE

ALFONSO EIRÉ - MANUEL VEIGA

As eleccións son froito do deterioro político. Pero a tapadeira da corrupción foi destapada por unha crise económica que camiña a pasos longos. O peor para as dúas grandes formacións estatais é que ambas comparten modelo económico e ambas son responsábeis da situación. Así o xogo político é derivado ao panel das superficiais acusacións mútuas.



Galiza debe estar presente no novo pacto de Estado

A diferenza dos comicios do 6 de Xuño ben marcada, en primeiro lugar, polas perspectivas post-electorais. Todo parece indicar que non haberá unha maioría absoluta no Congreso, polo que o Goberno resultante terá que ser produto dun pacto entre as distintas forzas políticas. Na maioría das combinacións entran as forzas nacionalistas de Euskadi e Catalunya. Tanto CiU como PNV, os aliados máis probábeis, pretenden superar o actual marco territorial do Estado ollando cara Europa sen que a súa imaxe teña que ser reflectida desde Madrid. Non é, polo tanto, arriscado afirmar que na próxima lexislatura estatal haberá unha nova negociación autonómica, cun posíbel pacto de Estado que incluíra a solución da violencia en Euskadi.

Ademais da posición aventaxada de PNV e CiU, os partidos nacionalistas reunirán perto dun quinto dos deputados da cámara estatal e a estes haberá que unirles os das chamadas formacións rexionalistas.

Que Galiza fose a única nación que non acadase representación propia podería ter fatais consecuencias. Quedaría relegada ao ámeto das comunidades autónomas de segunda, aínda que Aragón, València, Andalucía e La Rioja si vaian ter representantes non intermediados.

O nacionalismo galego chega mellor armado ideoloxicamente a este proceso. Na Galiza formuláronse críticas anticipadas ao directório economicista da CE. O contraste é flagrante coas forzas estatais, PSOE e PP, partícipes dun consenso que endexamais puxo en cuestión as congostas de Maastricht e responsábeis ambas do deterioro que agora se está a ver.

Esa representación semella factíbel por primeira vez, aínda que a polarización bipartidista pode vir aumentada pola incerteza de quen pode ser o Presidente do goberno, votando á *contra* para pecharlle a un ou a outro o paso.

Pero Galiza xógase máis que un presidente do Goberno, está en cuestión a propia identidade no futuro marco estatal que mesmo podería ser hipoteticamente remodelado en función dos nacionalismos presentes na cámara. Por se fose pouco, a situación crítica da nosa comunidade aconsella un volco político urgente. A decantación autóctona é a única que pode derrubar as barreiras sociais e económicas que non só eivan de forma patente o crecemento, senón que poñen en perigo a propia supervivencia como nación. ♦

A NOSA TERRA

A clave da derrota socialista en Francia —a dicer dos comentaristas daquel país— non estivo no número de votantes, senón no número de parados. En Francia o paro afecta ao 10% da poboación activa. De modo semellante ao país galo, a corrupción non é unha causa, senón unha consecuencia. No último trimestre de 1992 a noticia abraiou a todos: o desemprego, segundo o Ine, acadaba o descoñecido record do 20%, case catro puntos arriba da cifra anterior que rondaba o 16,5. E iso que o Estado español ia xa a cabeza do paro na CE, por riba mesmo de economías tan febles como a irlandesa. O pasado Martes sabíase que nos últimos tres meses o paro incrementárase cinco veces máis que en todo 1992. Os cidadáns consultados polos institutos de opinión califican o carismático 92 de ano fatídico e perxudicial para as súas economías. No poleiro fica un *Plan de Convergencia* elaborado polo goberno central, "imprescindible" —decía— para entrar en Europa. As últimas cifras informan de que o Estado español, no último ano, alonxouse aínda máis dos obxectivos de confluencia. Por se fose pouco a CE está parada. O marasmo comunitario afectan a todas as institucións, segundo membros da Comisión en Bruxelas. O *Comité Económico das Nacións Unidas para Europa* pronostica, no seu último informe, un crecemento cero en 1993.

F.G. quédase sen estratexia

"Así é como se fai en Europa". A chave mestra de Felipe González para rebater a todos os seus oponentes quedou invalidada. O fracaso parece vertixinoso. Era a economía española —e a europea—, co consabido crecemento dos oitenta, un castelo de naipe? A preocupación comezou

para González ás poucas semanas de producirse a unificación alemana e así o expresou ante os xornalistas. Os capitais financeiros alemáns, os primeiros en acudir a Madrid ante a fortaleza da peseta e as posibilidades especulativas que esta ofrecía, comezaban a cambiar de rumbo. O leste necesitaba deles. A balanza exterior de capitais española deu conta da nova situación en poucos días cun ostensible déficit.

Pero non está só o PSOE neste derrubo de alternativas e estratexias a curto e a medio prazo. O PP compartiu cada un dos puntos da súa política. Aznar apoiou o *Plan de Convergencia*, deu un sonoro *si* a Maastricht, aprobou a desregulación laboral

e non criticou os fastos do 92. Para o PP todos estes temas eran "cuestións de Estado". Os eixos políticos básicos non admitían debate político, a diferenza do que ocurría en Francia, Reino Unido ou Dinamarca. A dereita económica gardou as costas dos socialistas durante os dez últimos anos. O PSOE reservou á banca o seu estado maior. Mimada, enriquecida, defendida da competencia europea, a banca adicouse a especular e a facer diñeiro fácil. A gran patronal, con José María Cuevas, saíu do ganchete dos ministros económicos socialistas en canta ocasión se prestou. Foi a UGT a que se enfrentou aos socialistas.

A hora de disimular o consenso

Poñer en evidencia este consenso sería destructivo para ambos partidos, por iso agora se amarran ao chivo espiatório da corrupción, arma de poñer e quitar que non atinxe ao fondo e que en todo caso nunca pode ser un argumento en favor de quen historicamente máis a empregou. Que representan os desvíos de fondos irregulares para gastos eleitorais —facilmente evitábeis cunha reforma da lei electoral que faga as campañas máis restritivas— ao carón da especulación financeira que fixo que os pisos en Santiago, Vigo ou Madrid estiveran máis caros que en Manhattan?

O combate eleitoral, con guantes de trapo, posterga unha discusión crucial: a da política económica do goberno, como xa dixeron os sindicatos. Posterga a solución á crise estrutural que afecta á economía galega e mostra que o cambio político ou é de envergadura ou corre o risco de deixar que a economía se afunda aínda máis. Acaso alguén coñece as propostas económicas de Aznar? ♦

Pero non está só o PSOE neste derrubo de alternativas e estratexias a curto e a medio prazo. O PP compartiu cada un dos puntos da súa política.

O nacionalismo apostou tradicionalmente pola diferenciación dos comicios PP e PSOE galegos eran contrários ao anticipo

Unicamente o PSOE galego pretendia que as eleccións autonómicas se celebrasen en Xuño, conxuntamente cos comicios estatais. O PP resistiuse á evidencia, por máis que o adianto das xerais rache a súa estratexia. O BNG viñase preparando desde había tempo para esta convocatória, mentres que a UG collérona en pleno proceso de formación partidaria.

Fraga Iribarne debecía porque as eleccións autonómicas coincidesen coas xerais alá pola última quincena de Outubro, data fixada hai tempo xa polo Presidente do Goberno autonómico. Antolín Sánchez Presedo tamén arelaba a coincidencia de ambos e dous comicios, aínda que fose en Xuño, data para a que fixou Felipe González as eleccións xerais. O máximo dirixente dos socialistas galegos chamou a Fraga Iribarne para que se decidise e adiantase a convocatória galega, aínda que só pudo falar co Conselleiro da Presidencia, Dositeo Rodríguez.

Non lle comprian a Fraga empuxóns para unir as dúas convocatorias eleitorais, o que necesitaba eran razóns. Só existía unha, evidente: aforrábase unha convocatória, pero tiña tan pouco peso que chegaba contrapoeirle que en 1989 os galegos tiveron tres consultas eleitorais distintas en tan só seis meses. Agora serán dúas nun prazo de cinco.

Fraga, ademais, non tiña aínda engraxada a súa equipa galega e as distintas inauguracións están programadas para despois do vran, todas en comitiva gaviadeira. González non contestara a nengun dos ofercementos de pactar as datas, polo que as institucións galegas quedarían sen autonomía propia, cos pra-

zos legislativos galegos sempre ao aveiro das vicisitudes do Goberno central. Sen chegar a un acordo, só subsidiando a data dos comicios galegos, Fraga estaría conculcando o propio Estatuto de autonomía. Outra cousa tería sido se González quixese ter a *deferencia* política de avisar ao Presidente da Xunta con tempo para poder presentar o adianto dos comicios galegos como elección propia e soberana.

Cambio de plans

A decisión de Felipe González cambia, certamente, os plans de Fraga Iribarne, que tiña planificado o *encaixe* de militantes segundo as dúas listas eleitorais. Falábase mesmo de conselleiros como Gil Sotres que irían nas listas de Madrid. Agora todo se lle complica ao PP de Galiza, ir a Madrid significará para moitos o *desterro*, as liortas partidarias poden trasladarse tamén aos populares. Fraga apresurouse a informar que non habería

Outra cousa tería sido se González quixese ter a *deferencia* política de avisar ao presidente da Xunta con tempo para poder presentar o adianto dos comicios galegos como elección propia e soberana

remodelación de Goberno, pero terán xa que aplicar as incompatibilidades aprobadas. Polo demais o Presidente da Xunta deberá admitir o cartel electoral de Aznar na Galiza, sen que poda acompañar ao candidato do PP máis alá do Padornelo.

Por se fose pouco, de perder o PSOE o goberno en Madrid,



Buscar traballo, unha tarefa diaria.

A. IGLESIAS

Fraga tería que cargar co descontento social galego durante varios meses, carga que até de agora lle viñan axudando a levar os socialistas. A folga xeral en marcha, agora paralizada, podía ter lugar despois do vran cun obxectivo único: o PP.

Tampouco a situación do PSOE galego é moito mellor. Un Antolín Sánchez Presedo candidato sen gán-

cho personal, bebia os ventos por un cartel acompañado de Felipe González e por unha TVE que levaría a auga ao seu muíño electoral con forza de presa recién limpa, marxinando ás opcións autóctonas.

Para Outubro nada será xa o mesmo para Presedo. González non virá como gañador maioritario e as mesmas liortas partidarias, empuxadas polos resultados galegos, poden situar a González Laxe de novo saudando desde os balados eleitorais. Presedo tiña razóns para pretender a confluencia, Fraga tamén. Ambos saírian beneficiados subsidiando a política galega, situando o centro do debate político lonxe dos problemas reais galegos que quedarían esquecidos pola dinámica central coa coincidencia electoral.

Os nacionalistas por uns comicios propios

Todo ao contrario que os nacionalistas, unha de cuxas máximas é imprimirle a Galiza unha dinámica política propia. As súas expectativas eleitorais tamén se ven melloradas con convocatorias separadas, saíndose do remuíño estatal que marca, sobre todo, a TV.

Cando se falou da posibilidade de facer coincidir os comicios a única forza política que se posicionou en contra foi o BNG. Daquelas Camilo Nogueira recoñeceu que, aínda que sempre defendera a diferenciación de consultas, "nesta ocasión e ollando por unha vez a comenencia propia, gostaríanos que coincidisen ambos comicios". ♦

As mobilizacións son unha constante dos últimos anos, desde folgas xerais a protestas polo peche de empresas ou a imposición de cuotas.



Nengun goberno rematou o seu mandato desde a transición **Felipe González** **logra paralisar as investigacións sobre Filesa**

Nengun dos gobernos habidos desde a morte de Franco logrou esgotar o seu mandato, celebrándose os cinco comicios anteriores sen que rematase a lexislatura. A facultade do Presidente do Goberno de disolver as cámaras lexislativas, segundo se contempla no artigo 167 da Constitución española, é utilizada nas democracias como un mecanismo máis. O Reino Unido é un exemplo de utilización desta facultade, sen que moitas das veces haxa outro motivo que a perda por parte do Primeiro Ministro do apoio do seu propio partido.

Non é este o caso de Felipe González que, moi ao contrario de retirarlle a confianza os seus propios compañeiros, saíu reforzado interiormente da crise dasatada pola puxa entre os distintos sectores do PSOE. A decisión do Presidente do Goberno español débese á profunda división existente no seu partido que non só lle impedía gobernar, senón que ameazaba con rachar antes de chegar a Outubro. Ao mesmo tempo, ao ser os principais implicados en *Filesa* aforados, a disolución das Cortes provoca a perda desta condición, polo que o xuíz Barbero non seguirá co sumario que seguramente pasará a un tribunal catalán. Así as cousas, o xuício vai para longo, se chega a celebrarse.

Felipe Gonzalez tivo que contemplar como os senadores socialistas fixeron caso omiso dos recados de Narcís Serra e non permitiron a introdución das emendas á *Lei de Folga* anunciadas polo propio Presidente. Sen poder legislar non se pode gobernar, polo que tentou presionar aos seus cárragos eleitos através dos *Renovadores*, que aproveitaron o *Caso Filesa* para tentar mudar a correlación de forzas nascida do último congreso, segundo mesmo denunciou Txiqui Benegas na súa carta de dimisión ao Presidente. Esta estratexia non ia tanto dirixida a actual lexislatura, senón a tentar que despois das próximas eleccións os chamados *guerristas* non controlen amplamente, como até de agora, os grupos do Congreso e o Senado. A puxa hai que inserila dentro das diferencias programáticas que enfrontan aos distintos sectores partidarios.

González Márquez calculou mal os apoios dos *guerristas* e, seguindo fidel a súa historia, manobrou axeitadamente desde a súa atalaia previlixiada de Secretario Xeral, permitindo unha derrota das teses *renovadoras*, pero conseguindo para si o control na elaboración das listas, algo que sempre detentou até de agora Alfonso Guerra, coa creación do *Comité Eleitoral*. *Filesa* foi unicamente unha arma, certamente explosiva, nas mans dos *renovadores*, controlando Felipe González o mecanismo de relojería.

O adianto dos comicios xogou a modo de alfiler que parase as agullas marca-tempo, evitando que o PSOE fendese. Xa non lle quedaba tampouco o recurso de meter a cabeza debaixo do manto europeo. Europa, a súa gran coartada, está totalmente parada como proxecto político, só avanza na acumulación de decisións económicas por parte do *centro*.

Felipe González
veu como os senadores socialistas fixeron caso omiso dos recados de Serra e non permitiron a introdución das emendas á *Lei de Folga* anunciadas polo propio Presidente.

Deste xeito Felipe González tamén conseguía que a oposición fose desgastando a súa imaxe pouco a pouco, utilizando a corrupción como rasqueta. Sabe que para el é moito millor enfrontarse a José María Aznar nunha soa eliminatoria electoral que nun sistema de liga onde o PP ia colleitando cada día máis puntos. Evitaba así o enfrontamento, fose cal fose o resultado, no debate sobre o *Estado da Nación*.

Unha dereita excitada

Estas parecen ser as verdadeiras razóns que levaron a González a tomar unha decisión á que non era propenso e que negou tozudamente. É certo que o clima de crispación dificultaba a acción de goberno. Non só era a dereita política (PP) a que estaba sobrecitada pola posibilidade dun trunfo electoral, senón que a dereita económica xa dera un xiro co-

Agora critican a decisión, acusando a Felipe González de partidista, cando, ao unísono pedían o adianto das eleccións.

pernicano, e, esquecendo as gabanzas realizadas ao PSOE, os servizos prestados pola socialdemocracia, e a tallada conseguida nesta década (só hai que ollar os balanços dos bancos) comezou a falar de cambio e, até os seus méios de comunicación e comentaristas, coa zurda na última década, comezaron a *destapar* a corrupción e a facer chamamen-

tos á esquerda para que apoiasse á dereita.

Agora critican a decisión, acusando a Felipe González de partidista, cando, ao unísono pedían o adianto das eleccións e non só por chegar canto antes ao goberno ou porque o tempo non correse ao seu favor, senón para alimentar a imaxe catastrofista que viñeron

cancelando a golpe de pruma, cámara e micrófono nos últimos meses. Aínda querían máis: despido libre, lei de folga á medida, maiores esencións fiscais, privatizacións... Foi o que levou ao Partido Socialista Francés a debacle. Esta política do PSOE conta con fortes apoios exteriores ao partido, segundo denunciaba Txiqui Benegas na súa carta de dimisión. ♦



O desencanto pode beneficiar a abstención.

XURXO S. LOBATO

A situación pode endurecerse, segundo os sindicatos **Os nacionalistas cren posíbel un cambio no eleitorado**

Francisco Rodríguez non se mostra sorprendido pola convocatoria anticipada das eleccións. "Era unha das hipóteses que contemplabamos", sinala. O membro da Permanente do BNG considera que para Galiza "é máis positivo que as eleccións señan separadas", aínda que non está tan certo de se iso beneficiará igualmente á forza política que representa.

Os temas centrais da campaña serán, para o BNG, a renegociación do Tratado de Adesión á CE, a política laboral e social e a reformulación nacional do Estado español co obxectivo de acadar maiores cotas de soberanía. O Bloque pensa que esta é a primeira ocasión en que está ao seu alcance a obtención dalgun deputado nas Cortes.

"Máis unha vez os nacionalistas temos que conseguir representación, pero sen poñer os médios axeitados", sinala Domingo Merino, membro da dirección recentemente formada que rixe Unidade Galega. "Debia haber unha coincidencia de todas as forzas galeguistas nas eleccións extra-

galegas. Aí está o caso de Canárias que ten na man a obtención dun grupo parlamentar propio".

Merino descarta que a súa organización vaia realizar máis ofrecimentos de confluencia ao BNG. "Hai unhas semanas enviamos un comunicado nesta liña, pero non imos insistir, porque sería dar falsas esperanzas ao eleitorado". Recoñece tamén este dirixente que o anticipo das eleccións non beneficiará a UG. "Estamos nunha fase de expansión e loricamente preferiríamos que nos colleran coa organización máis rodada".

Domingo Merino considera, con todo, que o momento é bon para o nacionalismo galego, dado que "fracasou a intermediación dos partidos estatáais desde UCD ao PSOE ou PP. O centralismo non arranxou nada, senón o contrario", polo que agarda "un cambio no eleitorado galego".

Xesús Díaz de CCOO e Manuel Mera da INTG-CIG coinciden en observar que unha das consecuencias do anticipo electoral será a paraliza-

ción da lei de folga, que xa fora aprobada por ambas cámaras e á que só faltaba o derradeiro trámite. O secretario xeral de CCOO é contundente. "Se gaña o PP, que non o creo probable, non vamos a permitir que modifique unha letra da lei. Iso para nós sería *casus belli*".

Manuel Mera considera que a patronal aposta agora "por un goberno máis duro e non de medias tintas como o do PSOE" e chama a votar pola "esquerda e o nacionalismo". En opinión do líder da CIG o problema do Estado é o de ter "tres millóns de parados, ao tempo que se incrementan as diferencias territoriais".

Para Xesús Díaz, despois de quedar abeiradas a lei de folga, a de saúde laboral, a normativa para as eleccións sindicais, etc., por mor do adianto electoral, "Felipe carece de credibilidade para acadar un novo diálogo social no caso de que gañe as eleccións". O dirixente de CCOO pensa que a convocatoria anticipada dos comicios deixa ao Estado en situación de "desgoverno até Setembro". ♦

POLÍTICA PESQUEIRA

A oposición considera privatizadora a Lei de Pesca

O PP parcela o mar e deixa en mans de Madrid o futuro da frota pesqueira que faena na CE

■ HORÁCIO VIXANDE

A Lei de Pesca que ven de aprobar o Parlamento, sen aceptar as emendas da oposición, prevé, segundo esta última, unha reconversión de 5.000 barcos e unha privatización do sector. A Xunta ten elaborado varios planos parciais de frota que contemplan medidas contra a crise, discutidas polos axentes sociais. Ademais, segundo os sindicatos, nesos planos non se ofrecen fórmulas para librar o principal problema: a política pesqueira da CE, prexudicial para a Galiza.

A acusación de tentar de parcelar o mar está a ser escoitada repetidamente por Henrique López Veiga, conselleiro de Pesca, que elaborou unha Lei de Pesca que fai dos permisos de explotación do mar a filosofía pesqueira galega.

O Plano para a Frota do Gran Sol propón a criazón dunha comisión mixta Xunta-Parlamento-sector para percorrer as distintas instancias comunitarias e estatais con vistas a que a revisión do Tratado de Adesión do Estado español á CE, que está prevista para este ano, deixe sen efecto o período transitório até o 2002 na pesca. Este período transitório significaba a reserva de pesca para a Galiza en moitas zonas pesqueiras da CE.

Pero até o momento a Xunta non definiu nengunha estratexia de presión sobre Madrid e Bruxelas para acadar este obxectivo. A confianza en que o Goberno central sexa sensíbel ás necesidades do sector pesqueiro galego abunda para a Consellería de Pesca. Contodo, oficiosamente suxeríronse medidas de restricción que terían que ser adoptadas polo Estado.

A pesca sacrificada

No ano 85, cando se produciu a negociación para o ingreso na CE, que foi no 86, o Goberno central sacrificou a pesca galega para beneficiar a outros sectores e territorios do Estado. Agora a Xunta confía en que non sexa así, mais carece de garantías. No 85 por unha banda o Estado aceptaba unha zona de exclusión para os barcos



Nas folgas das frotas de arrasto en litoral e do Grand Sole os sindicatos acusan de parcialidade á Xunta.

ANXO IGLESIAS

galegos, por outra, para limar asperezas con Irlanda, comprometéase a non aceder ao caladoiro tradicional do box irlandés, e por outra aceptaba a redución da frota do Grand Sole até 300 barcos. A maioría dos buques con licéncia quedaba en mans dos bascos, que agora están a comerciar con elas.

Un portavoz da Consellería de Pesca afirmou que despois dos anos de experiencia os europeos comprobaron que a incorporación da Galiza ás estruturas pesqueiras da CE non significou unha invasión e que esta non ten que se producir nunha situación de igualdade de oportunidades para a frota galega, que agora ten limitado o acceso a algúns bancos pesqueiros.

Esta reflexión da Consellería contrasta co feito da Franza medrar considerabelmente a súa frota durante todos estes anos, aproveitando o mercado español, que nunha porcentaxe importante estaba dominado polo noso país. Frente a isto oficiosamente propóñense medidas de control da importación que a dificulten mais que non a impidan, xa que sería ilegal. Unha desas medidas sería un rigoroso control sanitario das importacións de peixe. Este tipo de recursos son utilizados por outros estados membros.

Incapacidade de presión

Para presionar á CE en vistas de mellorar as condicións da pesca no Tratado de Adesión é preciso o concurso do Goberno central. A Xunta confía no apoio de Madrid, como confiou cando a entrada. A revisión do Tratado podería traer consigo que o Estado outra volta aposte por outros sectores produtivos e nacións do Estado, deixando á pesca e á Galiza fora da órbita dos intereses xerais, xustificación máxima para non impulsar os nosos dereitos pesqueiros.

O Secretário Xeral do Mar da INTG, Manuel Búa, estima que a Xunta carece de capacidade política para presionar a Madrid e Bruxelas e conseguir para a Galiza unha situación non discriminatória.

O desmantelamento da frota está no centro da polémica. A Comisión Europea elaborou unha lista de 300 barcos de todo o Estado que é o límite máximo de frota, pero un plano de reconversión de frota está a provocar un desmantelamento de buques que despois non son substituídos.

"O Tratado foi un cheque en branco á CE a respecto da cuestión dos 300 barcos -indica

Búa. No momento da negociación do País Basco incluíu canto barco tiña e fíxose con moitas das licéncias".

A pretensión da Xunta de empregar unha reconversión da frota, destas e doutras, coa compra aos armadores bascos de días de pesca é calificada por Búa como unha reconversión selvaxe. "Van investir 35.000 millóns de pesetas e imos perder 1.200 postos de traballo. A Xunta non establece unha bolsa de emprego nen cartos para os parados, nesas condicións non pensamos darlle o noso apoio. Mentres non deseñe unha política sobre esta cuestión e deixe de actuar á contra dos traballadores non estaremos con el".

Os sindicatos non só teñen falta de confianza na capacidade negociadora da Xunta diante do Goberno central e de Bruxelas, tamén recordan que no momento da negociación houbo unha total pasividade por parte da Administración autonómica, daquela tamén en mans do PP.

"Os planos de reconversión da Xunta teñen que pasar pola Secretaría Xeral de Pesca, aí Xosé Loira [Secretário Xeral de Pesca do Goberno central] ten a última palabra, e tal e como están as cousas entre Xunta e Madrid vai

ser difícil que podan presentar algo diante da Comisión, que logo ten capacidade de decidir", asegura Búa.

Duas folgas do mar

A frota do Grand Sole está paralisada en máis do 50%, 30 dos 55 barcos da provincia de Pontevedra (en Vigo, Cangas e Marín) están parados. A maioría dos 1.200 traballadores afectados secundan a folga en demanda dun convenio. As posturas dos sindicatos e dos armadores están moi enfrentadas. A frota de arrasto en litoral, de fresco, continua en folga, pero coñeceu lixeiros avances o Martes, cando patronal e sindicatos lograron un principio de acordo para comezar a negociar, tras varias semanas de paro e un enfrentamento que por momentos chegou a ser tenso. Nesta frota a folga é total, e os 30 barcos afectados están parados, así como os 400 traballadores que tripulan os buques.

Está a resultar polémica a postura da Administración. Na mesa de negociación o Conselleiro de Traballo chegou a ofrecer acordos por baixo das propostas feitas pola patronal. "Esta consellería parece a consellería de Desemprego, non de Traballo", protesta Manuel Búa. ♦

FACEMOS HONOR AO NOME

BICOCA'S

CENTROS DE PERFUMERIA - DROGUERIA

VIGO:
Avda. da Florida, 6 (Travesas)
San Roque, 156
Salamanca, 12 (frente Povisa)
Zamora, 61
Zamora, 28
Travesía de Vigo, 125
Pi i Margall, 143 (Peniche)
Rosalia de Castro, 45
Sanjurjo Badía, 93
Fragoso, 56

Lorient, 14 (Balaidos)
Camelias, 107
(esqu. á r/ Ourense)
Travesía de Vigo, 159
Vía Norte, 31
Pizarro, 95

MARÍN:
Calvo Sotelo, 6
Calvo Sotelo, 133
Real, 3 (Cantoarea)

O PORRIÑO:
Ramón González, 17

ARCADE:
J. Solla, 33

BAIONA:
Avda. Monte-real, 5 (gasolineira)

RIVADAVIA:
J. Antonio, 7 (Cine Río)

OURENSE:
Avda. da Habana, 115

A GUARDA:
Joaquín Alonso, 1
(esquina á Praza Nova)

7 DIAS

■ Campaña a prol das árbores autóctonas

"As nosas árbores. Unha raíz no país" é o lema co que a Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas da Galiza (AGENG) está a desenvolver unha campaña a prol das árbores autóctonas, e que está consistir fundamentalmente no reparto de miles de trípticos, carteis e pegatinas.

Pór de manifesto as posibilidades de explotación das árbores autóctonas, cuxa demanda no mercado é importante fronte ao eucalipto, de "rendabilidade incerta", é un dos obxectivos desta campaña, pero para se cumprir é preciso, segundo esta asociación, a modificación do Plano Forestal, que, segundo os ecoloxistas, discrimina de feito ás árbores autóctonas e non favorece a súa plantación. ♦

■ Andreotti, relacionado coa Máfia

O democristián e membro de todos os gobernos da Italia desde a postguerra, Giulio Andreotti, compareceu diante da comisión rogatoria do Senado despois de que oito arrepentidos o relacionasen con esta organización criminal. Por esta mesma razón a fiscalía de Palermo ten a intención de procesalo.

Segundo os arrepentidos, Andreotti tivo repetidas reunións con *capos* mafiosos, mesmo estivo indirectamente implicado no asasinato do xeneral Dalla Chiesa, morto ás mans da Máfia como favor ao sector da democracia cristiana que temía a información en poder do xeneral sobre o asasinato e exprimeiro ministro, Aldo Moro. ♦

■ O Povo kurdo consegue a paz co Goberno turco

A guerrilla kurda e o Estado turco chegaron a un principio de acordo para pór fin ás hostilidades que enfrentaron a ambos bandos ao longo dos últimos oito anos. Agora comezará un proceso de negociación para tratar de chegar a unha solución definitiva que atenda dos dereitos desta nación.

A guerrilla kurda tivo que se enfrentar ao Estado turco polas persecucións ás que foi obxecto e que alcanzaron cotas máximas de represión ao rematar a guerra do Golfo a atopar Turquía a apoio dos EEUU no xenocidio do Povo do Kurdistan. ♦

XOSE LOIS



■ Arquivada a denuncia por prevaricación a Portomeñe

A denuncia interposta polo BNG contra o conselleiro de Relacións Institucionais, Vitor Manuel Vázquez Portomeñe, por supostas irregularidades na contratación das marcas e símbolos do *Xacobeo 93* foi arquivada polo Tribunal Superior de Xustiza. O tribunal competente non atopou indicios de delito nas actuacións do conselleiro e da súa equipa.

O BNG pola súa banda

anunciou que se querellará outravolta contra Vázquez Portomeñe se este non se retracta das acusacións que fixo contra a organización nacionalista acusándoa de defender os "intereses dun empresario privado", recordando que o BNG esgotou todas as posibilidades parlamentarias para recabar información sobre a contratación das marcas.

Unha condena contra a Consellería de Relacións Institucionais tería deixado todo a montaxe do "Xacobeo 93" nunha situación sumamente delicada, tendo que anular todas as actuacións por irregulares. ♦



■ A CIG impugna os tribunais a corpos especiais da Administración autonómica

A CIG denunciou a irregular convocatória para a constitución dos tribunais para a oferta de emprego pública de 1991, publicada en Febreiro do 92, realizada recentemente e que afecta a 763 vacantes. A CIG non só denuncia que a convocatória aos membros do tribunal non se adaptou aos requisitos formais, xa que algúns membros foron convocados por teléfono con menos de 48 horas de antelación e outros, como o representante da CIG, Cesáreo Sánchez Iglesias, non foron convocados. Ademais, a CIG protesta por agardar dous anos para a celebración das probas, cando a lei obriga a facelo en seis meses.

O representante sindical non convocado, Cesáreo Sánchez, impugnou a constitución dos tribunais diante do Director Xeral da Función Pública, e de non prosperar a impugnación a CIG estudia a posibilidade de emprender accións xudiciais. Por outra banda, o comunicado difundido pola central nacionalista asegura que se están a producir filtracións duns exames elaborados por empresas de *consulting*, cando deben ser secretos e elaborados polos tribunais. ♦

■ Presión social contra o Goberno francés polos inmigrantes mortos

O homicidio de dous xóvenes inmigrantes mediante un tiro na caluga nunha comisaría e os violentos disturbios provocados por mor destes asasinatos obrigaron ao Goberno francés a recibir aos familiares dos dous mozos para tratar de calmar a tensión en París. Pola mesma razón un inspector da policía foi detido acusado de homicidio voluntario. Outra dúas persoas morreron de xeito violento a fin de semana pasada na Franza. ♦

■ A OTAN estrea un novo papel

Desaparecidos os blocos políticos a OTAN, que quedaba sen unha misión concreta, estrea agora un novo papel ao conferirlle, por primeira vez unha misión de guerra concreta máis alá das manobras máis ou menos disuasorias, externa (fronte ao Leste) ou internamente (Italia, Portugal) que veu a realizar todos estes anos. Por primeira vez actuará fóra das fronteiras marcadas, facendo misións de vixilancia sobre o ceu da extinta Iugoslavia para impedir o vó de avións. Unha misión irrelevante en termos guerreiros, por canto non vai variar para nada o curso dos enfrontamentos (os sérbios só utilizaban helicópteros para trasladar tropas e feridos), pero que si ten gran importancia no papel xeoestratéxico dunha organización que está chamada a desaparecer e que atopa unha nova razón de existir. ♦

■ Cuiña agarda a decisión do Tribunal Superior de Xustiza

O Maxistrado Pablo Saavedra decretou a conclusión do sumario aberto contra Xosé Cuiña, segundo publicou "La Voz de Galicia", medio que se veu facendo eco con antelación das novas a respecto da denuncia do BNG contra o ex presidente da Deputación de Pontevedra. Segundo o xornal coruñés o sumario será remitido á Sá do Civil e do Penal, despois de que as partes podan realizar alegacións.

O xornal coruñés adianta que, despois disto, o TSXG decretará o arquivo das actuacións, afirmando que o maxistrado instructor non atopou indicios de criminalidade, segundo fai constar no auto.

Segundo un portavoz do TSXG este auto aínda non está redactado. Tamén Cesar Mosquera, o deputado do BNG que realizou a denuncia, afirma que descoñece totalmente o auto, pois non lles foi dado a coñecer, como é preceptivo.

Para Mosquera "están claramente probadas as irregularidades que denunciámos, como recoñecería o mesmo Fraga. Nós no que non entramos é na clasificación penal que merecen estas irregularidades". Por outra banda interventores municipais consultados por esta redacción, seguidores do proceso, manifestaron que "se estas irregularidades non son consideradas delito polo TSXG xa nos podemos ir todos para a casa: os alcaldes poderán facer o que lles pete".

Sorprende tamén nas filtracións, que se viñeron producindo desde o primeiro momento, as referencias a que non se pediu o procesamento, ou a outras actuacións por parte do advogado da acusación, como se algún quixese buscar unha fórmula para *quedar ben*, eludindo as responsabilidades. ♦

■ 2.521 parados máis en Marzo

Galiza pasou de ter 189.015 parados no mes de Febreiro a 191.536 en Marzo, un aumento do 1,33%, situándose no 16,49% da poboación activa. No conxunto do Estado o incremento da poboación desempregada foi de 58.183 persoas, pasando de 2.471.412 en Febreiro a 2.529.595 en Marzo; unha suba do 2,35%. A taxa estatal de paro está agora no 16,65%.

Marzo adoita ser un mes no que o paro redúcese; así, desde o 85, nunca neste mes se rexistara incremento no número de parados. En canto aos sectores económicos, todos rexistaron aumento, aínda que foron os servizos os que máis contribuíron ao incremento do paro. A estacionalidade, principal factor que impede a suba deste en Marzo, non funcionou nesta ocasión. ♦

GALIZA E MUNDO

DESMANTELAMENTO AGRÁRIO

En marcha as medidas de acompañamento da PAC

Agricultura de ventanilla e substitución de labregos por árbores

X.C.GARRIDO

Como compensación á caída dos prezos e redución de produción propostas pola Política Agraria Común (PAC), a Comunidade ten establecido unha serie de medidas de acompañamento e primas, das cales as chamadas *Axudas á Superficie*—cuxo prazo ven de rematar—constituen a primeira experiencia significativa do novo modelo de agricultura.

Baixo o lema: "Cultivamos avanzadas, colleite en Europa" a Consellería de Agricultura levou a cabo unha campaña sobre as excelencias das primas comunitarias, e concretamente sobre os 5.000 millóns a que teñen dereito—segundo a Xunta—180.000 labregos galegos. Esta campaña que ten como obxectivo invitar a realizar a Declaración de superficie necesaria para o cobro das primas por cereais, cria de xatos e vacas nodrizas; está a servir tamén como respaldo propagandístico dun modelo agrario de efectos perniciosos para a Galiza.

Concretamente as axudas que ven de tramitarse teñen como finalidade compensar a baixa do prezo indicativo dos cereais (233 Ecu/Tm. a 110 Ecu/Tm. O prezo atópase por baixo dos custos de produción, a axuda non comporta mellora nos ingresos a respecto de pagarse o produto a un prezo digno; pero dito prezo non quer ser pagado polas explotacións sen base territorial e agro-industrias multinacionais que son as que se benefician dunha materia prima tan barata e "competitiva", permitindo igualmente fundir as explotacións con base a terra de tipo familiar que non se atopan tan dependentes de compra de forraxe (caso das galegas). O efecto nas explotacións cerealísticas (xirasol por exemplo) é que a baixa dos prezos do mercado é tal que unha vez cobrada a subvención algúns prefiren destruír o produto, quer dicir, producen por burocracia.



A Política Agraria Común prevé a concentración da propiedade agraria en menos mans.

ANXO IGLESIAS

Centos de papeis

A burocracia é outro efecto deste tipo de axudas que neste país ten uns efectos perversos derivados da falta de hábito dos labregos a andar con centos de papeis, libros de rexistro, inspeccións, etc... Para tramitar estas axudas a Xunta pagou o soldo de funcionarios en todos os Concellos para tramitar estas axudas, pagou por informar dos datos do catastro, por recoller as axudas, repartir impresos, etc... Co cal desembolsou unha serie de fondos en burocracia—que ademais terá que ir incrementando—pondo en dúbida a rentabilidade desta medida, fronte á alternativa defendida polo SLG na Galiza e a CPE a nivel europeo de prezos garantidos.

O que parece máis claro é que a administración non está capacitada para facerlle fronte a este tipo de agricultura de *ventanilla* e os labregos moito menos. E o grave sería que se afixesen a unha práctica que ten pouco futuro: de aprobarse os acordos do GATT coa conseguinte supresión destas axudas, aqueles que cambiasen produción por primas,

a ver como reconstruen unha explotación abandonada. Téñase en conta que as axudas teñen unha vixencia de tres anos.

O sistema de axudas fai que quen máis ten máis percebe, sen nengun límite, beneficiándose de novo os "sócios" comunitarios de sempre: no Estado español o 92,4% das explotacións teñen unha produción inferior ás 92 Tm. Explotacións con produción superior ás 230 Tm. só hai o 1,8% fronte ao 38,5% da

Grande Bretaña, 14,1% da Franca, ou o 13,6% de Dinamarca. Se estes datos se desglosan a nivel galego, onde a superficie de cereais é bastante discreta, as diferencias acentúanse.

Con isto ademais ámase a que os propietarios que teñan maiores explotacións podan seguir aumentándoas, reducíndose a densidade de poboación no rural. Quer dicir: a acumulación de propiedade da terra en menos mans e a redución da poboación no agro, co conseguinte aumento do empobrecemento do rural.

Gardas da natureza

O papel que lle reserva a PAC aos labregos de gardas da natureza entra en contradición coa destrución da natureza que esta mesma PAC provoca: a sobreintensificación e concentración da produción, despovoamento e abandono do medio rural non poden ser compensados pola plantación de árbores de crecemento rápido. A idea de substituír árbores por labregos ten na Galiza a súa plasmación no Plano Forestal, e a nivel de Estado no Programa de Reforestación recente-

mente aprobado. No citado Programa preténdese reforestar 435.000 Ha. e mellorar outras 200.000, tendo previsto un investimento total de 146.200 millóns de pesetas, dos que corresponderían a Galiza 10.720 (equivalentes a unha superficie de 32.000 Ha.). O obxectivo explícito deste programa é a "reforestación de explotacións agrarias".

Xubilación anticipada

Outra das medidas aprobadas polo ministerio na liña da actual PAC é a xubilación anticipada de labregos, propóndose retirar 27.000 en cinco anos. Estas xubilacións non son novas, son a reforma dos ceses anticipados. As continuas reformas responden a que nunca foron capaces de cumprir os obxectivos que se marcaban, e esta última modalidade tampouco o vai conseguir. Os requisitos son tais que a Galiza queda practicamente excluída delas, tendo a xente que retirarse sen nengun tipo de axuda. Peden que o mínimo de ingresos que teña a explotación sexa de 800.000 pesetas brutas, cifra que as explotacións envellecidas non acostuman a acadar. ♦

A baixa dos prezos do mercado é tal que unha vez cobrada a subvención algúns prefiren destruír o produto, quer dicir, producen por burocracia.

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración. Presidente: Francisco Carballo. Vicepresidente: Modesto Solla. Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga. Secretario: Pancho Torrente. Vogais: Manuel Veiga, Cesáreo Sánchez, Xosé M^a Dobarrío, Xosé M^a Salgado, Norberto Tabarés, Carlos Xohán Díaz e Xaquín Acosta

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horacio Vixande, Anxo Iglesias (fotografía).

Correspondentes: A. Prieto (A Coruña), Xosé M. Pérez (Santiago), H. Sanfiz, M^a X. Arias (Ferrol), F. Arrizado (Lugo), X. Castro Raton (Vilagarcía), Xavier Canosa (Bergantinos), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Ortega), D. Martínez Silva (Deza), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), Thierry Lorenzo (O Condado Alto), Montse Álvarez (Baixo Miño), H. Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Neseiro (Terra Chá), X.M. Santiago Cagigao (Barbanza), Manuel Díaz (Melide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Pacín (A Fonsagrada), M. Vilar (Santiago).

X. Fernández Mateo, A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verín), Pilar Saavedra (Monforte), Daniel Lazaré, Pepe Rei, Joseba Macías (Euskadi), M. Rodríguez Bertojo, Alberto Cruz (Madrid), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Gonzalo Nuno (Porto).

Deportes: Vitor Miguez. Cultura: Lino Braxe, Manuel Carballido.

Colaboradores: Primitivo Carbajo, X.C. Garrido Couceiro, Avelina Barreiro, C. López Garrido, Nanina Santos Castroviejo, Anxos G. Salgado, Amanda Álvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gacino, Xurxo Estévez, Domingos Prieto, Margarita Ledo, Xesus Vega, César Varela, A. Mascato, X.L. Iglesias, R. Ocaña, Marga R. Holguín. Internacional: Xúlio Ríos, Manuel Vilar, Carlos Duram, Patricia Grinberg, Juan C. M. Betelú. Ecoloxía: M. Chouza, R. Cid. Deportes: Ricardo Rivera. Axenda: Iago Luca.

Humor: X.X. Piñeiro Cochón. Libros: Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. Música: Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán M. Carreira. Arte: Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane. Cine: Celso López, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. Televisión: G. Vilas. Arquitectura: Práxedo Lizancos. Historia: Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesus Torres.

Fotografía: Anxo Iglesias, Carlos Puga, Chus García, M. Rama, X. Marrá, Che, Xosé L. Díaz, X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Albán, Delmi Álvarez, Tachi Castro, Voz Noticias.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Carlos Silvar, Xúlio Galoso, Tokio, Hermida, Gonzalo, Manel.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Carlos Soaxe.

Fotomecánica: Moncho Brea Salgueiro.

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

Administración: Blanca Costas.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos Carreiro.

Subscripcións: Carlos Martínez Muñoz.

Redacción e Administración: Rúa do Príncipe, 22, planta baixa Apartado postal 1371 (36200 Vigo).

Tel.: Administración, Subscripcións e Publicidade (986) 43 38 30.

Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3 1958.


Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite procedencia.

ESTAMPAS DO XACOBEO

O peregrino hispánico usa chandal e berretorero-torero!! cando ve abalar o botafumeiro



■ GONZALO VILAS

Pasado o frenesi da semana santa, algo estragada polas chúvias, a catedral compositelá recuperaba a tranquilidade e na última hora do Luns albergaba ás/os abonados de diário, a algún paseante e uns cantos turistas que curioseaban na tenda de *souvenirs* onde o maior éxito de vendas é a cerámica de Talavera, ou axexaban tras da porta santa tentando cerciorarse de que era en efecto aquela portíña de chapado.

Días atrás non terían dúbida, dadas as longas colas que os turistas-peregrinos formaban ante o umbral que lles reportaría, unha

Os que invadiron as ruas neste días ofrecían un porte máis estilo Alfredo Landa, ataviados con cadanseu chandal de poliamida.

vez traspasado, o xubileo ou "o Xacobeo ese". A disposición dos visitantes recordaba máis a cola diante dunha oferta duns grandes armacéns ou unha visita a un pavillón da Expo que calquer acto de alcance espiritual. A grande maioría, ataviada cunha uniformidade impremeditada, digna dun corpo turístico expedicionário, levaban nos seus andares os sinais dolorosos e aparentes dun camiño afrontado coma unha maratón de "week-end".

Frente á imaxe dos peregrinos habituais o resto do ano (e non só no ano santo), xeralmente europeos, os desta semana santa, prelúdio do aluvián do



ANXO IGLESÍAS

verán que os comerciantes e demais beneficiários esperan con entusiasmo cada vez máis moderado, os "pelegríns" fronte aos peregrinos de sempre conferían un aspecto máis ben *hortera* a unha cidade aínda sumida nas suas andamiaxes e obras de última hora.

Se aqueles adoitan vestir o zapatón, o pantalón curto e a mochila de rigor, unha fasquia achegada a do doutor

Livingstone, a grande parte dos que invadiron as ruas nestes días ofrecían un porte máis estilo Alfredo Landa, ataviados con cadanseu chandal de poliamida ou similares, coas suas cores fosforescentes, os seus bultos de cinto a xogo e os seus ténis deportivos, para tortura das extremidades inferiores. A estampa completábase, na grande maioría destes improvisados fondistas, co andar escarranchado produto de



toro
vai
cau
o ir
asp
as
da
est
cor
ma
eu
abo
car
dis
adr
dos
de
dia
pa
pol
do
"lu
apa
de
imp
ho

Ou
dos
de
A a
do
dia
org
Os
ne
fie
tel
A i
sa
ap
cu
tira
co
va
se
ca
me
se
ac
qu
ou
of
an
qu
ne
en
"it
a

de rra fu meiro



torceduras, pés escordados ou vaia saber que complicacións a causa do pouco adestramento e o inaxeitado calzado, con respecto de reportarlles aos que as sofrian un duradeiro recordo da visita xacobeá. Apoiaban estas penosidades físicas no consabido bastón, onde o material preferido era con moito eucalipto, acaso por ser o máis abundoso en boa parte do camiño percorrido. Mais se non dispuñan de tan xacobeo adminículo, podían acudir a algúns "colgados" locais que decidiron reconvertese por uns días en fornecedores destes paus, agora que a presenza policial parece facer difícil dalos doutro tipo. Outro membro do "lumpem" local, entretanto, aparecía igualmente disfrazado de ortodoxo peregrino e improvisado guía non se sabe se homologado.

Outra especie que agroma é a dos tunos, aquí e daló, ávidos de excursionistas.

A apoteose prodúcese nas misas do peregrino, celebradas diariamente e coa actuación do organista e o botafumeiro. Os responsábeis eclesiásticos nen chistan ante a reacción duns fieis máis influídos pola televisión que polo púlpito. A intervención do botafumeiro é saudada con xeral salva de aplausos, pero o punto culminante ven cando o tiraboleiro encarregado de frear, con grande ciencia e estilo, o vaivén do botafumeiro efectua o seu labor. Os berros daquela na catedral son *Torero, torero!!* Pola megafonía advirten que por favor se garde o respecto debido ao acto relixioso, o que non impede que, ao rematar a cerimonia, outra ovación despida ao oficiante. A igrexa opta por calar ante esta clase de *shows*, aínda que parece que, de momento, se nega a que o órgano interprete, entre as distintas partes da itúrxia, algún pasodobre aurino. ♦

Unha empresa da Estrada comercializa terra do monte do Gozo en saquiños de trinta gramos

Terra Santa

■ AMANDA ÁLVAREZ

Os turistas que visitan Santiago teñen xa a posibilidade de lembrar sempre esta viaxe pola módica cantidade de 295 pesetas, prezo que terán que pagar por un saquiño de terra, orixinal do Monte do Gozo. A empresa *Republic C.B.*, ubicada na Estrada, extraeu tres toneladas de terra do propio monte. A súa autenticidade foi acreditada pola *Sociedade de Xestión do Xacobeo*.


Co derrubado do muro de Berlín, axiña naceron comerciantes que non deixaron escapar a oportunidade. Calquer persoa que visitara a cidade traía na súa maleta un anaco de cemento que formou parte dun valado emblemático en Europa. Algo semellante ocorre na Galiza. Véndese a terra dun monte en pequenas cantidades introducida en saquiños. A partir de agora calquer turista inglés, francés, alemán ou americano poderá exhibir auténtica terra procedente dun monte pisado en loor de santidade polo Papa Xoán Paulo II en 1989. Séculos de historia avalisan o Monte do Gozo, onde miles de peregrinos divisaron por primeira vez Santiago de Compostela. Xosé Carballeda e Xoán Carlos Brea son os criadores da idea.

Un coidado deseño

"Temos unha empresa de motivos publicitarios —sinalan— que ampliamos con artigos de madeira, pero pensamos nun produto diferente tendo en conta o *Xacobeo*, a enxurrada de turistas que se nos ven enriba e un prezo axeitado a calquer peto con miras a lograr unha venda masiva".

Cal é o proceso de elaboración deste novidoso produto?

A primeiros de Febreiro fomos coller a terra do Monte do Gozo, con autorización da *Sociedade de Xestión do Xacobeo*. Nun camiño carregamos tres ou catro toneladas, non sabemos con seguridade a cantidade porque non foi pesada. Despois mercamos a pel e cortámola en pezas grandes nas que se imprimiu o *pelegrín* en cor dourada. Estas pezas démosllas ás costureiras para coseren os saquiños que enchemos coa terra, aproximadamente con 30 gramos. O paso final é un atado con cordoncillo de ouro e neste cordón vai prendido un libriño no que se explica, en seis idiomas, o que contén o saco e unha breve historia do Monte do Gozo.



Turistas franceses, ingleses e alemáns poderán exhibir auténtica terra pisada polo Papa Xoán Paulo II en 1989.

Parece un negocio redondo...

Non creas. Leva o seu tempo e tamén tivemos inicialmente algunhas perdas, os primeiros saquiños non levaban a terra completamente seca e pudriron. Agora facemos un peneirado e secado previos. Colocamos a terra con tres ou catro centímetros nunha superficie plana e secámola a medio duns ventiladores durante quince días. É a única maneira de que non apodreza.

Se descontamos a pel, a impresión, o cordoncillo, o traballo das costureiras, etc., canto pensan gañar?

Unha marxe comercial normal. De todos os xeitos é cedo para facer as contas totais.

Onde se poden mercar os saquitos?

En Santiago xa hai 50 comercios que os teñen á venda. Os expositores feitos por nós en madeira e de forma artesanal conteñen 36 bolsas a 295 pesetas cada unha. Estes días pensamos seguir distribuindo, aínda que estamos pendentes da demanda por se temos que ampliar

a produción.

Tiveron algunha subvención da Consellería de Relacións Institucionais?

Non. Tamén é certo que non a solicitamos. Pero si estamos interesados nun proxecto que lle queremos comunicar á Secretaria Xeral de Relacións Coas Comunidades Galegas no Exterior para poder enviar os sacos a todos os Centros galegos. O único problema é o transporte porque nós non contamos con marxe comercial para asumilo.

Solicitaremos unha subvención para a axuda dos portes ou ben a posibilidade de que sexa a propia Secretaria a que se faga cargo da compra dunha partida. Se isto non fose así tentariámolo cos nosos medios pero encarecendo o produto.

Algun comerciante matinou que podía ser unha broma da famosa cámara oculta?

Si claro, non un só, nen dous. Seguramente moitos o pensaron pero non dixeron nada ao comprobaren no certificado de autenticidade que a terra procede do Monte do Gozo e que o negocio non é nengunha coña.

Non hai imitacións

As insígnias do pelegrín apareceron e multiplicáronse maxicamente grácias ás imitacións. Pode suceder o mesmo coa terra do Monte do Gozo?

Polo momento non temos noticia de nengunha. Extrañaríanos moito porque a persoa que se arriscase a negociar con isto tería que producir unha grande cantidade para que fose rendábel.

Coa crise que está a haber, cre que a xente está disposta a gastar os cartos en 30 gramos de terra?

Non só o cremos, comprobámo-lo día a día. Todos os que veñen a Santiago queren volver aos seus países co *Ano Santo* gañado, un *pelegrín* na solapa e se é posíbel un saquiño de terra na mala. Sen ir máis lonxe hai uns días chamounos unha empresa de *marketing* para poder comercializalo pola costa do Levante até Sevilla. Imaxina o que pode ser iso. Está claro, queremos que ninguén se prive de ter un pouco de terra de Santiago aínda que non podan gañar o xubileo na cidade de Compostela. ♦



Mostra do produto xubilar en man dun dos propietarios de *Republic C.B.*

A CONSTRUCCIÓN DE EUROPA

DO ESTADO MONOCORDE Á FEDERACIÓN POLIFÓNICA EUROPEA

GUSTAVO DOCAMPO

Ainda que a historia nos mostre formas políticas que gardan semellanzas co Estado actual, este é un instrumento institucional nacido no século XIX ao abeiro de influencias procedentes da Revolución francesa, do "mercantilismo" inglés e de certas formulacións do idealismo alemán. E, dado que se trata dun aparato ao servizo da comunidade, parecería lóxico que cada nación se dotase dun instrumento semellante para constituirse en *Estado Nacional*. Mais, é cádimo que nen a identidade étnico-cultural nen a vontade política dun povo supoñen a concorrência doutras condicións —económicas, demográficas, territoriais, etc.— necesarias para encarar un proxecto de Estado, individualizado e viábel, en todos os casos.

Esta é unha das razóns, sen esquecer as históricas, pola que a forma de Estado máis estendida non deu en ser o *Estado Nacional*, senón o *Estado plurinacional*: unha modalidade que itegra dúas ou máis nacións dentro dun mesmo espazo político, protexido por unha fronteira circundante.

De calquer xeito, non todos os Estados plurinacionais responden á mesma concepción: uns artículanse como Estado federal e outros argállanse como Estado-nación.

Como é sabido, o Estado federal derivase dun pacto entre nacións, que participan en pé de igualdade para fornecerse dun instrumento político-administrativo común, solidario e democrático. Trátase dun modelo baseado no respecto recíproco entre as unidades integrantes, no que, á marxe da soberanía federal, cada nación mantén importantes cotas desoberanía e conserva integramente a súa individualidade.

Polo contra, o Estado-nación, sucesor de formas autocráticas, teocráticas, monárquicas absolutistas, etc, representa un modelo residual, no que nen a vontade política nen os dereitos de soberanía das nacións englobadas son obxecto de especial respecto. Esta forma supón a pervivencia dunha nación hexemónica que, por razóns de inercia histórica, segue valéndose do seu aparato estatal para impor as directrices económicas, sociais, culturais e políticas sobre o conxunto e, detentando a soberanía global, condiciona no resto unha situación de dependencia e subordinación.

A característica máis salientábel do Estado-nación consiste, pois, no exercicio dunha presión asimiladora sobre as nacións subordinadas, co fin de subsumilas nunha hipotética "unidade nacional", homoxeneizadora, e concebida a imaxe e semellanza da nación dominante. Na práctica trátase da imposición dun nacionalismo expansionista e agresivo, cando non violento e exacerbado, que acaba desencadeando reaccións de lexítima defensa. Quer dicir, acaba inducindo movementos nacionalistas de resistencia, que tanto alporizan ao nacionalismo "estatal", parapetado no privilexio dasoberanía absoluta.

Hoxe hai razóns para pensar que o Estado-nación está en crise. Unha crise impulsada pola crecente opinión a prol da autodeterminación dos povos e, aínda, aguiñada polos recentes acontecementos.

No curto lapso dun ano desapareceron tres Estados do mapa. Cando todos pensabamos que estaban solidamente asentados, o certo é que xa non contaban con vontades nen estruturas competentes para termar de cadanseu estaríbel. Por iso podería ser un erro suporlle ao Estado-nación máis folgos nen máis capacidade de continuidade histórica da que realmente lle vai quedando. Os cambios históricos vanse producindo á medida que se precisan, aínda que ás veces eclosio-



Xóvenes latino-americanos e europeos diante da catedral de Colónia (Alemaña).

ANXO IGLESIAS

nan cando xa é imposible seguir adiante sen eles. Agora os *países reais* emerxen cada día sacudíndose a presión do centralismo. Petrossian dixo, referíndose á URSS: "O centro suicidouse", pero o certo é que morreu de soedades. E marcou o camiño, Iugoslavia e Checoslováquia seguiron o exemplo.

Na Europa Occidental tamén acabamos de recibir a primeira entrega do proceso. Bélxica, sen violencia nen convulsións, decidiu abandonar o vello centralismo para pasar a ser un Estado federal. A cámara baixa de Bruxelas aprobou por 144 contra 36 votos unha nova Constitución, pola que Flandres e Valonia recuperaran o protagonismo do seu deser nacional. O camiño está aberto.

“Na Europa Occidental tamén acabamos de recibir a primeira entrega do proceso. Bélxica, sen violencia nen convulsións, decidiu abandonar o vello centralismo para pasar a ser un Estado federal”.

Ninguén pode dicir cal vai ser o ritmo do proceso, cando os vellos Estados europeos apuran unha unión, á defensiva, tentando de seguir hexemonizando a historia das nacións que manteñen englobadas. Mais compre estar ao tanto, porque enterrado o "materialismo histórico", a única ideoloxía que lles queda é o "materialismo" a secas. E velai a grandeza do seu proxecto: unha Europa que se rodea dun muro tarifario e inmigratorio, disposta a disfrutar da súa opulencia consumista sen máis ilusión que a de encher o bandedo. Se este é o futuro que nos tiñan disposto, haberá que darlle a razón ao profesor Stanley Hoffmann cando di: "Tras o desplome do comunismo, a única ideoloxía global que sobrevive é o nacio-

nalismo". A verdade é que o resto semella a lei de Chicago espichada nun pau.

Pero aínda hai xente que non dá comprendido que o nacionalismo nen é anacrónico, nen agresivo, nen violento, nen exacerbado... O nacionalismo é o camiño real cara o federalismo: un modelo capaz de harmonizar as diferencias e con respostas flexíbeis fronte ás condicións históricas que veñen demandando solucións como o ben común, a solidariedade, a superación das ideoloxías atrabiliarias, etc.

Imos ver que nos trai o futuro porque as guerras removen moitos fondos. Tras da I Guerra Mundial caeron catro impérios: o otomano, o alemán, o ruso e o austro-húngaro. Agora, despois da longa paréntese da Guerra Fria, a II Guerra Mundial acaba de rematar. Comeza a movición. Alguns estados centralistas desapareceron, pero os outros séntense ameazados. Esta foi a razón de se atrapallaren, apurando a xogada co Tratado de Maastricht, para porse ao abeiro dun gran paraguas que, tras dos eufemismos, oculta a reprodución dun macro-Estado-nación centralizado en Bruxelas. O "principio de subsidiariedade", a desaparición dos contidos federais e as atribucións do Banco Central Europeo son mostras evidentes. Os pulidos tecnócratas bruxeliáns sabían ben o que facían: invalidar o control dos Parlamentos "nacionais"; potenciar a función ornamental do Parlamento de Estrasburgo; ocultar no máis escuro secretismo as margalladas concertadas entre os gobernos dos Doce e potenciar, até o *desideratum*, as atribucións do Consello e máis da Comisión para gobernaren por decreto. Quer dicir, reinventar o vello estupefaciente da "sagrada unidade", neste caso europea, para manter anestesiado todo resorte democrático e pór as liberdades baixo o control da "liberdade económica", erixida en liberdade suprema por obra e gracia dun novo centralismo de ámbito continental. Todo cocinado de costas á cidadanía europea por uns políticos "elitizados" co apoio de certas fundacións alemáns, que levan tempo promocionando partidos "homologábeis", aquí e acolá, para que, chegado o momento lles servisen de cómplices desde os seus respectivos gobernos. E ben que se notou.

Pero a Europa de Maastricht é coma un neno entangarañado. Dinamarca quer un estatuto diferenciado; o Reino Unido non acaba de mollarse; a Franca está

no allo pero bloquea os acordos do GATT exoga por libre; os orzamentos quinquenais seguen no conxelador; o Sistema Monetario Europeo vai de cráneo e os pedimentos de adhesión da Finlandia, Noruega, Austria e a Suíza quedaron sen resposta. Os suízos xa pasan do tema. Estaba claro. O *si* francés salvoulle a cara ao Tratado, pero o peso do *non* deixouno tocado de ala. Agora os sondeos realizados para avaliar os apoios sociais están a demostrar que a fenda entre a sociedade civil e a "elite dirixista" é a cadamáis fonda. A locomotora alemá perde presión polas xunturas e o aparato de Bruxelas ficou sen programa para esta década.

Dicia Guizot, máis ou menos —cito de memoria— que si en Europa nunca trunfou nengunha caste, nengun principio nen nengunha idea de maneira total e excluínte foi porque sempre se atopou cunha resistencia indomeábel que alenta no máis fondo da civilización europea: pluralismo e liberdade. Un pluralismo herdado dos múltiples elementos que compoñen o mosaico de povos do Continente e unha liberdade que comezou a gañarse ao compás da Marsellesa. Sen respecto polas liberdades individuais e colectivas e sen respecto pola pluralidade, Europa non é posíbel.

Cada povo europeo ten unha tesitura espiritual e cultural que é a súa. Está claro que quen baixa ao "do de peito" non pode subir ate o "si bemol" sen reventar a burra ou estoupar as caferías. Por iso os que andan na teima de facernos cantar, a todos, —triples, tenores, contrabaltos, barítonos e baixos— no mesmo rexisto, xa comeza a ter a mostra do "desconcerto" que montaron. Facer proxectos de integración económica, cultural, política, etc., por vía da homoxeneización ou das afinidades por decreto, é ter ganas de teceas. Pero o mao non sería que todo se quedase nun proxecto murchado porque hai alternativas con máis siso. O mao é que o estaríbel estase desplomando e os cascallos —recesión, paro, tensións sociais, etc.— comezan a cairnos enriba.

Só na polifonía é posíbel o acorde respetando a tesitura de cada corda. Isto é de catón. Polo tanto imos ter que mandalos á escola e ir pensando seriamente na Federación Polifónica Europea. Digo eu. ♦

GUSTAVO DOCAMPO
preside o Consello Nacional do PNG-PG

A ESQUERDA NA AMÉRICA LATINA

Traballadores
da cana de
azúcar.Foto:
SEBASTIÃO
SALGADO/
MAGNUM

O apoio ao novo presidente pon a Luiza Erundina á beira da expulsión

O PT do Brasil, entre a socialdemocracia e a alternativa ao capitalismo

■ JOSÉ LOIS NIETO

No seo do Partido dos Traballadores do Brasil estanse a dar nas últimas semanas críticas e tomas de posición sobre a ubicación diante do goberno de Itamar Franco, e como parte deste debate a actitude a seguir en relación a algúns dos membros máis sobranceiros, quen contradicendo abertamente a decisión do Directório Nacional asumiron cargos de responsabilidade e de respaldo ao goberno de Itamar.

O caso máis destacado foi o da ex prefecta de São Paulo, Luiza Erundina, quen acaba de asumir a secretaria da Administración Federal da Presidencia da República. Esta decisión, que non foi consultada co PT, evidenciou o profuso debate que está a desenvolverse nesta importante forza de esquerdas latinoamericana, quen adoptou o compromiso de elaborar unha estratexia de goberno e poder verdadeiramente alternativo ao capitalismo.

Os meios de comunicación brasileiros tentan pór o centro de atención verbo da actitude que terá a Dirección Nacional do PT coa ex prefecta. A súa expulsión da organización está en xogo tal como reclaman moitos dos seus militantes. A encrucillada do partido é moito máis profunda: trátase de decidir se reafirmará o seu carácter de forza político-social comprometida cos intereses dos traballadores, opositora ao plan neoliberal e as diversas variantes do capitalismo; unha forza que sosteña os principios socialistas cos que naceu e que ratificou no seu último congreso, ou se, en función de ser máis críbel ante os poderosos, buscase integrarse como socialdemocracia permitida no sistema capitalista.

Algúns dos expoñentes desta segunda posición están a falar nos últimos tempos da necesidade de ser coherentes coa posición in-

ternacional que busca a súa integración na Internacional Socialista, e para iso pensan na necesidade de transformar o Partido dos Traballadores nun eixo de gobernabilidade do Brasil.

Até hoxe a postura do partido encabezado por Lula é clara: "O goberno de Itamar nace moito máis débil que o seu antecesor pero de proxecto político non tan diferente. Ven aplicando a mesma política económica. Reclama pola miséria social, pero ven aplicando as medidas que a xeran. O PT declárase oposición e polo tanto non participará nen directa nen indirectamente no goberno e apresentará un programa mínimo para sacar ao país da crise".

Ao asumir Erundina un ministerio reabriu este debate e cuestionou a actitude de tal decisión. A idea de aportar a "governabilidade" do país a unha política de "unión nacional" que permita superar a crise profunda que vive o Brasil é o eixo de todas as súas intervencións. Estes argumentos repítense en moitos países latinoamericanos cando os gobernos liberais queren gañar consenso social.

O goberno de Itamar Franco require formar unha dereita orgánica que articule un consenso básico para avanzar na política de axuste e non é causal que neste marco a tarefa encomendada a Erundina sexa rematar coa estabilidade dos empregados públicos. O anuncio feito por Erundina neste senso está sendo cuestionado e enfrentado polos líderes *petistas* dirixentes dos traballadores estatais e da CUT.

Morto o can,
non acabou a raiba

Unha reflexión que xurde con moita forza é que a lición que o povo brasileiro deu aos povos do mundo na loita contra a corrupción, talvez non foi suficientemente acompañada, ou non logrou que o movemento asumise a corrupción como unha parte esencial da política neoliberal, xa que o roubo de Collor de Melo é unha cifra miserábel se a comparamos cos millóns de brasileiros que son roubados decote nos seus dereitos elementais, vivendo baixo niveis de pobre-

za, morrendo de enfermidade, desocupados.

Collor foise e o seu vicepresidente Itamar, quen se beneficiou dos mesmos negocios que se realizaron para a campaña electoral, agora pretende presentarse ante a sociedade como unha figura "limpa" e que rematará de "limpar" a administración pública co aval dalgunhas xentes de esquerda que se integran no seu gabinete.

O presidente Itamar Franco ocupa un cargo nacido do fraude electoral, hoxe comprobado, e foi eleito coas mesmas corrupcións que escandalizaron ao Brasil no caso de Collor. Compartiu durante dous anos e medio o mandato co presidente sainte sen cuestionar a esencia da súa política industrial, comercial, fiscal e agraria baseada no neoliberalismo. Para moitos desmemorizados parecería que morto o can acabou araiba.

Tamén resulta polémica a relación entre o goberno e o poder, tema que terá meirandes complexidade ante un eventual triunfo de Lula no 94 e que xa está criandonos problemas dado o complexo sistema de alianzas orixinadas desde as prefecturas, controladas agora polo PT. Converteuse nun desafío evitar que neste contexto nacional e internacional se disparen ambicións e apetitos individuais, estimulados polo deterioro dos ideais colectivos.

Desde a prensa burguesa inténtase presentar unha posíbel sanción a Erundina como un acto antidemocrático, os voceiros da "nova esquerda", da "nova mentalidade", proclaman que se se dá esa sanción, estase a coartar a liberdade individual e significa un retorno ás prácticas "autoritarias e estalinistas". Moitos brasileiros pergúntanse: non será que o verdadeiramente autoritario é usufructurar o prestixio logrado polo esforzo colectivo dunha morea de loitadores sociais *petistas* que levaron a Erundina á prefectura de São Paulo, para agora defraudalos descoñecendo as decisións dunha dirección eleita polo voto dos seus afiliados nun Congreso que ninguén tachou e antidemocrático? ♦



O futuro dunha lingua

Marc Arc asina un artigo no número de Marzo da revista **HOLLAND HORIZON** no que aborda a cuestión do idioma, neste caso o holandés, que falan no mundo máis de 21 millóns de persoas.

O artigo de Arc comeza referíndose a unha declaración do deputado Aad Nois, do Partido Demócrata: "Os holandeses enorgúllense do feito de falaren tantas linguas estranxeiras -di Nois-, mais co seu propio idioma non sucede o mesmo. É un erro, porque se ignoras a tua lingua arriscaste a perder a tua alma".

"Segundo Nois -comenta Arc-, o idioma é a memoria dunha nación. Arnold Beerkens advirte que os holandeses do Norte deberían recordar a lición aprendida polos flamengos. Beerkens, de Haarlem, é o vice presidente da *Orde van den Prince*, unha organización flamengo-holandesa adicada a defender a causa do holandés".

Arc faise eco das declaracións de Beerkens: "A xente que entrega o seu idioma a cambio doutro foráneo está en desvantaxe. Os máis brillantes saíran adiante. Para os máis febles surge unha barreira sócio-lingüística que os empobrece mental e materialmente. Flandes aprendeu esta lición no século XIX. Un golpe que de todos modos orixinou o movemento cultural flamengo. A xente que cede a súa lingua entrega tamén a súa identidade, face e autoestima e remata perdendo o respecto dos demais".

O outro muro

"A caída do muro de Berlín marcou a vitoria do capitalismo e a reunificación do mundo baixo a bandeira do liberalismo



económico indica o editorial do número de Marzo de **STI INFO**, o semanario editado polo *Syndicat Interprofessionnel de Travailleuses et Travailleurs*. -E sen embargo... Nese mundo liberal o desemprego non se reabsorbe, os despedimentos multiplícanse nos seus mellores bastións (informática, automóbeis, banca), as bolsas de pobreza agrádanse. Na Suíza así: do 5 ao 7% da poboación atópase sen emprego, do 10 ao 15% está baixo os límites da pobreza. Un quinto da xente enfrentase dun xeito ou doutro a un muro de exclusión".

Os inquéritos e o idioma

Un inquérito do Instituto Galego de Estatística sobre o uso da lingua e outras cuestións sobre a situación do país foi obxecto de mención por parte de varias axencias e medios de comunicación galegos.

Os datos xa eran coñecidos. O 96,97% dos galegos entende o noso idioma, o 91,39% fála-lo, o 49,24% leo e o 34,86% escríbeo. A respecto da súa utilización, un 57,15% úsao sempre, o 33,17% ás veces e 5,9% nunca. O galego é a lingua habitual do 81,6% das persoas que non teñen estudos. Con estudos primarios fala galego o 56,92% da poboación. O 37,67% das persoas que teñen estudos medios teno como lingua habitual e sucede o mesmo co 22,95% dos que teñen estudos superiores.

Outros indicadores publicados xunto a estas porcentaxes mostran que o 34% das vivendas carece de calefacción, o 0,7% non ten luz eléctrica, un 9% non dispón de baño e un 6,6% de retrete. O 37,6% das casas non ten teléfono, e o 1,9% carece de traída de auga. A auga quente fáltalle ao 15,6% das vivendas e o 0,79% das casas aínda non hai cocina. ♦

PLAN DE ESTRADAS DE GALICIA

A XUNTA CONSTRÚE MAIS KMS. DE FUTURO PARA GALICIA

Seguimos abrindo paso ó futuro.

Co ancheamento e acondicionamento da PO - 410 e PO - 412, Porriño - Filgueira (1ª Fase), correspondente ó Plan de Estradas de Galicia, da outro paso adiante.

Un Plan que abre, deste xeito, novos e mellores camiños ó desenvolvemento de toda a nosa Comunidade Autónoma.

Seguimos avanzando. En dirección ó futuro.



Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas
Dirección Xeral de Obras Públicas

Un futuro ben trazado.

PORRIÑO - FILGUEIRA



PRESUPOSTO:

1.073.894.248 Pts.

ADXUDICATARIO:



GINES NAVARRO CONSTRUCCIONES, S.A.

A SOCIEDADE ENFERMA

O ESTADO FAI À SOCIEDADE RESPONSÁVEL DO NARCO-TRÁFICO E DA SUA CURA, RESERVANDO-SE UNICAMENTE A COMPETÊNCIA DA REPRESSOM

A IDEOLOGIA DA DROGA

RAMON MUNTARAZ

Para Lola e Xosé. In memoriam

A característica fundamental que determina, hoje em dia, a totalidade das actuações do sistema em matéria de drogadoependências, (e a que marca a diferença entre o trato concedido ao consumo de drogas legais e ilegais), vem sendo a categorização da toxicomania, e do toxicómano, como aspectos des-vinculados de toda classe de contradições económicas, sociais e políticas. Apresenta-se o problema das toxicomanias como um "produto" marginal, alheio, ou, inclusive, contrário aos fins perseguidos nos "Estados do Bemestar", e que transforma aos/as toxicómanos/as em meras vítimas: passivas, marginais, robotizadas e doentes. De outro lado, os próprios toxicómanos, as suas famílias e à sociedade, no seu conjunto, som convertidos nos administradores e gestores da sua própria problemática sócio-sanitária. O lema das campanhas publicitárias nom pode ser mais eloquente: "Ti es o máximo responsável!". Igual consideração de "responsabilidade" que a, hipocritamente, exigida aos obreiros para evitar a sinistralidade nos postos de trabalho, as doenças profissionais ou a saúde laboral ou nos programas de educação sanitária. A mesma hipocrisia política que transforma à pobreza numha doença mais da patologia médico-psiquiátrica (assim está definida nos últimos tratados de Psiquiatria dos Estados Unidos), ou aos médicos em partícipes da execução da pena de morte, mediante "droga" endo-venosa, (pentotal sódico), em 14 Estados dos EE.UU.

Desde o ponto de vista ideológico, as anteriores contradições, correspondem a umha nova re-conversão das figuras do narco-tráfico e do narco-traficante, como provedor ilegal, fóra do controlo do Estado, competidor do comercio legal de drogas, que desprazam ao toxicómano e às toxicomanias, respectivamente, a um novo, e marginal, estatus, e espaço social, para a sua administração e gestão, (tratamento e institucionalização). Deste jeito, produze-se, de um lado, a desaparición da incertidume política, e social criada polo toxicómano e, de outro, a sua progressiva assimilação ideológica polo sistema. Assimilação, na que joga um papel determinante a sua sanitarização. O toxicómano deixa de ser "perigoso social" para transformar-se em factor de "gasto", (cada doente infectado de SIDA toxicómano produce um gasto sanitário anual, aproximado, de 35.000 dólares USA), e de "risco para a saúde pública".

Na totalidade das actuações do Estado, a mensagem da ideología dominante, sobre a droga, transmite que a sociedade, nom só deve co-habitar com o narco-tráfico, senóm, também, gestionar as soluções á toxicomania, á sinistralidade e saúde laboral, ao paro, ao trabalho mergulhado, ao racismo, às violações de mulheres, ao emprego

eventual, ao despedimento livre, etc. Polo contrário só será competência do Estado a repressom policial do narco-tráfico, a regulacão das folgas, a adicacão de "fundos reservados", a re-conversão do dinheiro incautado, a livre gestóm dos "espaços de impunidade"

(poder policial para comerciar com narco-traficantes), etc.

Os/as toxicómanos/as e as suas famílias devem asumir sós, nas suas carnes, a causa da sua mortal problemática. Confe-sar-se reos de toxicomania, admitir a sua,

individual (e exclusiva), culpa. Arrepen-ter-se para poder optar a reinsertar-se no mesmo mundo que criou nel as condições da dependência toxicómana. Actualmente som mais de 40 Associações Cidadãs, Colégios Profissionais ou de iniciativa privada as que capitalizam a maior parte das actuações em matéria de reabilitacão das toxicomanias na Galiza. No Estado espanhol, 26 organizações político-sindiais, 11 Colégios e Associações profissionais e 63 patronatos, associações de usuários e entidades privadas, recebem subvenções para esta política de delegacão e deri-vação social da gestóm.

O que a ideologia da droga acocha, sistematicamente, é que a meirande parte das toxicomanias, e os lugares onde asenta o narco-tráfico, estão nas zonas com maior precarização do emprego (zonas em plena fase de desorganização social e económica), de maior potencial de conflitividade e, que, em definitiva, o caldo de cultivo do complexo social: narco-tráfico-toxicómano-toxicomania, está em directa relação com os níveis de desigualdade, (e sub-desenvolvimento), económico e social, existentes na comunidade.

Em questóm de um decénio a sociedade mudou os seus estereotipos atitudinais verbo do toxicómano. De individuos perigosos, passaram a ser considerados/as vítimas indefensas. De tolos a psiquiatrizar, a doentes "específicos" aos que reabilitar e medicalizar com o mínimo custe social, económico e político (votos). Enquanto á toxicomania, anteriormente considerada como problema individualizado, (e localizado nos toxicómanos), passa a ser um fenómeno social próximo, imediato e epidémico.

A gestóm do Estado toma umha dupla dimensóm: de um lado, assume, em exclusiva, a política repressiva, mentres, de outro, delega na sociedade, e nos afectados/as, a administração e gestóm da toxicomania. Como vaso comunicante com a legislação especial, e as competências da Audiência Nacional, introduzem-se as figuras obrigadas dos reinsertados e arrependidos, (respectivamente toxicómanos/as e narco-traficantes), como instrumentos para a reprodução ideológica, e de legitimação social, da repressom global das liberdades, no nome da "Seguridade Cidadám".

A política do Estado capitalista, em matéria de drogas, é um dos melhores paradigmas do que pode ser num immediato futuro o modelo social e cultural que tratarám de impor nos países de Occidente sob a sua hegemonia. De um lado, a sociedade opulenta, tecnológica, post-industrial, consumista, individualista, competitiva e individualista. Do outro lado, o espaço social da miséria das maiorias; dos ghettos; dos sumidoiros institucionais dos "improdutivos".♦

RAMON MUNTARAZ é Médico e Membro do Colectivo Sanitário pola Amnistia e contra a Tortura (S.A.T.)

‘O lema das campanhas publicitárias nom pode ser máis eloquente: Ti es o máximo responsável’



Alixo de 1.200 Kg. de cocaína intervidos en 1991 polo Servizo de Vixilancia Aduaneira a bordo do remolcador Rand, de bandeira pa-nameña, ao limite das costas galega e portuguesa. Foto: ANXO IGLESIAS

O narco-tráfico move anualmente 400.000 millóns de pesetas no Estado

Actualmente, 1.118.000 persoas, (um 37% da população da Galiza), está afectada pola dependência a 14 classes de substâncias tóxicas. De estes 14 tóxicos, 11, estão comercializados legalmente, e podem-se obter, directamente ou mediante receta médica. As empresas espanholas que elaboram psicofármacos, analgésicos, hipnóticos, tabaco, vinho, bebidas etilicas e cerveja, figuram entre as de maiores vendas e beneficios.

O Estado espanhol é o máximo provedor de drogas legais à Galiza: A *Tabacaleira Espanhola*, que tem 532.433 millóns de pesetas em vendas, com um beneficio anual de 12.230 millóns, sumbministra a 676.000 galegos/as. Empresas de fabricacão de bebidas alcoólicas estão entre as primeiras em vendas: *El Águila* tem umhas vendas anuais próximas aos 45.000 millóns de pesetas e *Pedro Domeq* do ordem dos 112.000 millóns e uns beneficios superiores aos 2.300 millóns de pesetas anuais, dos que boa parte vam aos 214.000 galegos/as

que consumem mais de 75ml de alcohol puro/dia. Das indústrias adicadas à elaboracão de produtos alimentícios, 4.553 som para elaboracão de vinhos, 621 de alcooles etilicos, 142 de sidra, 74 de tabaco e 38 de cerveja. Quer dizer que, actualmente, estão a fabricar drogas legais, em Espanha, um total de 4.828 empresas, sem mais controlo de produçom que a sua declaracão fiscal ao Estado. Non ficam atrás os laboratórios farmacêuticos que fabricam substancias psico-activas, como os tranquilizantes, hipnóticos, derivados anfetamínicos e analgésicos consumidos por 96.000 galegos/as. O negócio é redondo: A *Ciba-Geigy* tem 37.086 millóns de vendas e a *Hoesch* 42.939 millóns. E, mentres os mortos por SIDA medram em proporçom geométrica, os laboratórios farmacêuticos cômitem por monopolizar a comercializaçom de umha vacina ou fármaco que aumente as suas, milionárias, rendas, atrasando assim, criminalmente, o progresso das investigaçoms.

O narco-tráfico internacional move, anualmente, um capital próximo aos 400.000 millóns de pesetas (segundo dados do Ministério do Interior espanhol). Em 1992 foram decomisadas 127.000 toneladas de hachís e 7 toneladas de cocaína. Nom há dados oficiais sobre decomisos de heroína pero chega com dizer que o Estado espanhol é o 2º de Europa em decomisos. Segundo declaraçoms do Ministro do Interior, actualmente, som detidas umhas 27.000 persoas por temas relacionados com o tráfico ou consumo de drogas. Actualmente, 24.000 galegos/as som consumidores/as de derivados cannábicos, de 3.500 a 4.500 de heroína e, de 1.500 a 2.000, de analgésicos morfínicos e de cocaína.

A outra cara da moeda é que, dos ante-ditos 1.118.000 afectados na Galiza polo consumo de drogas, (legais e ilegais), um alto porcentagem, morrem ou temem graves transtornos físicos e psicológicos que os impossibilita para estar integrados, plenamente, na vida da colectividade.♦

Georges Labica

'Na Fráncia o traballador inmigrante ocupa o papel do xudeu no tempo dos názis'

■ G. LUCA DE TENA

Hai anos que unhas eleccións xerais na Franza non causaban tanta sorpresa.


Pois a caída do Partido Socialista era previsíbel. Non lles quedou erro nengun por cometer na súa práctica política. O PSF virouse de costas aos problemas da sociedade e afastouse das preocupacións xerais da súa propia base popular, do que Mitterrand chamaba *o povo da esquerda*. Despois cometeron erros en política internacional e metéronse na corrupción. O que aconteceu nas eleccións foi a sanción prevista dunha política que fracasou. No que toca á dereita, os votos que ven de recibir parecen un éxito considerábel. Isto é certo se contamos o número de deputados pero ten que ver co sistema de votación que lle permitiu ter un oitenta por cento da Asemblea. O progreso non foi tan extraordinario e a dereita non se abandona ao trunfalismo porque sabe que as posibilidades políticas e sociais son ben estreitas e nos anos que venen non poderán transformar as cousas. A política da dereita será continuista da que fixeron os socialistas, con medidas de austeridade para os traballadores, reducións do gasto público e fenómenos previsíbeis de revancha.

“O PSF virou as costas aos problemas da sociedade e afastouse do que Mitterrand chamaba *o povo da esquerda*”

E a baixada de votos dos ecoloxistas?

Era razoábel a previsión de que os ecoloxistas obterían arredor do 18 por cento dos votos, pero o resultado foi de pouco máis do dez por cento. O paso a unha organización de carácter político, cos dous líderes Webster e Lalonde provocou nos electores unha reacción de recusamento. Aínda esa reacción fíxose máis patente polo elevado índice de voto. Así que non ten nengun representante coma a *Fronte Nacional*. Despois, os resultados da ultra-dereita son preocupantes. Na análise das bases electorais sábese que un vinte por cento da clase obreira votou a prol da *Fronte Nacional*. Esta-

Georges Labica, fundador da revista *Dialectiques* e autor de *O Estatuto Marxista da Filosofía* falou na *X Semana de Filosofía de Pontevedra* das relacións entre a revolución francesa e a relixión así como das medidas que tomara a Convención neste senso. Nesta entrevista comenta a situación política da Franza despois das eleccións.



mos perante un partido que se pode chamar popular; que ten unha base popular.

Emigrantes culpábeis

Amáis de protesta pola situación económica, hai quen considera que o voto ás dereitas expresa algo máis fondo e sociolóxico.

No discurso da *Fronte Nacional* a responsabilidade da ruína económica e social determínase que o culpábel é o inmigrante. Máis dos que quixeramos respaldan esa posición. Durante a campaña adurécese ese discurso da dereita. Algo parécese á situación de hai cincuenta anos. O traballador inmigrante ocupa o papel do xudeu do tempo dos nazis. De todos xeitos adoitan formas de tipo moderno e a función política da *Fronte Nacional* é a mesma ca dos ecoloxistas. Non son asimilábeis os dous pero reciben votos de protesta, de recusamento aos partidos clásicos. Se non existisen os ecoloxistas, os seus electores absteríanse.

“Os economistas saben ben que hoxe o crecemento económico produce desemprego”

Pola contra, o Partido Comunista mantén a posición anterior.

Conserva o seu número de deputados e case o mesmo de votos e pode constituir grupo no parlamento. Neste caso cómpre facer dúas reflexións: a primeira é que o voto comunista foi para moitos electores un voto de protesta contra os socialistas. Pero como recoñecía Georges Marchais, o voto comunista non era de adhesión ao programa senón de protesta e para non se absteren. Se houbera un partido de esquerda cun programa alternativo, o éxito tería sido espectacular. É evidente que hai un espazo por ocupar. As perspectivas de renovación están a producir unha nova fronte de esquerdas na Franza que poida abranguer desde a esquerda do socialistas até os contestatarios do partido comunista. Esta alianza non foi posíbel nen por parte

de renovadores nen de comunistas. O partido socialista propuña agrupar ás forzas todas da esquerda, pero a iniciativa chega tarde demais; era indispensable facelo antes.

Que parte do fracaso eleitoral dos socialistas atribue ás denuncias de corrupción?

As denuncias que os socialistas reciben na Franza, en Italia, en España por casos de corrupción e por ter faltado aos seus compromisos éticos non me parecen fundadas. Teríamos que dicir que é máis ben un carácter da vida política de hoxe nas democracias occidentais. Sen cartos non é posíbel o éxito político. De outra parte, a opinión non se sente ofendida por estes casos. Vese ben nos casos de políticos procesados que volven a recibir votos. Fixémonos nos casos de Giscard, Lyottard e Fabius. Séntese como unha resignación da opinión sobre os casos de corrupción económica da política. Hai unha criminalización xeral do capital. Xa non é posíbel distinguir entre parte limpa e parte suxa do capital. Non se dá distinguido entre o que procede da trampa e do narco-tráfico e o que ven da produción.

A profecía de extinción dos partidos comunistas non só non se cumpriu senón que aconteceu o contrario.

Coido que a dereita, a opinión xeral, os intelectuais e sobre todos aqueles que deixaron o marxismo para se integrar no Partido Socialista, coincidiron en anunciar a morte do marxismo. Pero dentro deste panorama de fracaso xeral da esquerda, tanto nos traballadores como nas capas medias da sociedade hai conciencia de que compre unha forza de resistencia de esquerdas. Isto é o que explica a boa saúde electoral do PCF a pesar dos erros que foron cometendo durante estes anos. Algo parecido pasa en Portugal. En Italia, *Refundazione* (a fracción do PCI que mantén a posición comunista) ten unha enorme base popular. A súa porcentaxe electoral é igual ca o do partido comunista renovado de Italia ou o da Franza.

Isto pode significar que teñen éxito como referencias de resistencia, pero non como alternativas de poder.

Ese é o problema. Nas eleccións da Franza ficou ben claro, porque ese voto de resistencia a prol dos comunistas foi de feito negativo. Por que? Se eses votos representasen unha vontade de recompor a esquerda a partir dunha autocrítica resistente, sobre bases alternativas, outro gallo nos cantaría. Ben se ve que na transición á economía de mercado nos países socialistas, os cidadáns comezan a valoraren o perigo de perder avances sociais obxectivos no holocausto da modernización capitalista e así dan os seus votos ao vello secretario xeral do partido que sae co 72 por cento nunhas eleccións libres. O nacionalismo só non dá para explicar o que ali pasa. Eses partidos comprenden que ten a posibilidade de reconstruír as bases, e deles poderían aprender os partidos comunistas das democracias capitalistas. Ninguén é profeta para saber o que pode pasar pero abonda con vermos a Unión Soviética ou a RDA. Ao día seguinte da caída do muro había gru-

'Europa é responsable da destrución sistemática da ex-Iugoslavia'

O asasinato recente de Chris Hani en Suláfrica ou os comandos contra os palestinos, fan pensar nunha nova forma de guerra fría, na que os líderes substitúen selectivamente os espazos de confrontación.

Eis a actitude dos norteamericanos na guerra do Golfo, a demonización de Saddam Hussein, o atentado contra Arafat e a morte do seu lugartenente ou a *razzia* contra Gadafi. Lembremos o atentado contra Moro en Italia onde se buscaba destruír unha posibilidade de encontro de esquerda e centro. Reparemos na destrución sistemática de Iugoslavia a mans dos países europeos. Porque por riba da información evidentemente falsa que os medios occidentais están a ofrecer, o que pasa na ex-Iugoslavia é responsabilidade nosa, dos europeos. O Vaticano está presente por distintos medios na Eslovenia e a Croacia. No entanto o papel que están a xogar os medios de comunicación das ideoloxías dominantes no xeito de contar a guerra, é completamente destructor. Presentan aos sérbios como bárbaros e teiman en que se trata dun enfrontamento de eslavos con musulmáns. Dous membros significados da Tribuna Internacional do Socialismo, como Bogdanenich e Milos Nikolich, contaban hai pouco en Moscova unha versión da guerra dos Balcáns que non ten nada que ver coa que presentan os medios de comunicación acá. ♦

pos que reclamaban unha alternativa de corte marxista. Caláronlles a boca por todos os medios. Aínda hoxe non dan expresado a súa opinión mais que esporádica e tímidamente porque as formas democráticas de control recórtanlle a palabra. Sen ser excesivamente optimista, á análise desta nova realidade cómprenlle os instrumentos intelectuais do marxismo, con todo o vezo revisionista e a crítica dos tabúes que se queira. Pero só unha análise en termos materialistas ten posibilidade de acelerar o proceso histórico.

O propio sistema de mercado manifesta ben ás claras os seus problemas.

O que non se pode concebir é que o capitalismo en crise poda gozar de tal liberdade. Parece como se non tivese adversario. A consecuencia da caída do Muro, a chamada sociedade liberal carece de contraste, de forza de

contestación. Pero doutra parte, a revisión do sistema instalado a partir do estalinismo ofrece unhas posibilidades grandes de recomposición. Non hai palabras para describir a gravidade da situación mundial. En dez anos a riqueza foise concentrando nun número de mans, a cada máis pequeno, e no entanto, tanto no Norte como no Sul hai pobreza.

A nova pobreza

Poderíamos dicir que a oposición entre bloques maniféstase agora dentro do sistema de mercado.

Coido que si. Hoxe en cidades como París ou Londres apreciamos a aparición dunha nova pobreza procedente do paro. Doutra parte o crecemento económico xa non pode crear emprego. Os gobernos occidentais viven unha ilusión ou defenden unha mentira cando argumentan o contrario. Os economistas saben ben que é o contrario porque hoxe o crecemento económico suprime emprego. Vémo-lo por exemplo na industria do automóbil que despois de vivir anos de aumento espectacular da produción e das vendas non fixo outra cousa que liquidar emprego. E non esquezamos que o modo de produción dos países do Norte non se pode trasladar ao resto do planeta. Imaxinar que a poboación de China puidese reproducir o sistema de transporte individualizado de Franza ou Alemaña sería pensar no caos. E no Norte, o número de compradores non é infinito. Estamos obrigados a recuperar a proposta de Marx de revisar criticamente o modo de produción.


'Hai que producir unha nova fronte de esquerdas na Franza que poida abranguer desde a esquerda do socialistas até os contestatarios do Partido Comunista'.

Unha semana despois do trunfo da dereita, a policía actúa como nos tempos da guerra de Alxeria contra os emigrantes na Franza.

Refírese á morte dos tres emigrantes a mans da policía? Coido que non é casualidade nengunha. O nomeamento de Charles Pasqua como ministro do Interior equivale a unha autorización á policía para volver aos vellos métodos: péganlle un tiro a un alxeriano nunha comisaría, din que tiña unha pistola agachada e o o Goberno encobre á policía. Tal vez aquí non saiban que desde hai vinte anos nengun policía foi condenado por excederse na súa función. ♦

EDUARDO BLANCO AMOR

Letra, Terra e Liberdade



A NOSA CULTURA

Oito anos despois de ter publicado una primeira edición desta publicación co título *Poema actual a Blanco Amor*, esgotado en moi pouco tempo como proba do interese que desperta a obra literaria do escritor ourensán, reeditámolo ampliado en todas as perspectivas.

O autor de *Xente ao lonxe* leva no sangue a conciencia sobre a situación do seu país.

Desde a súa propia andaina vital de emigrante-exiliado, o compromiso co traballo de escritor e intelectual mantívoo ao pé das liñas de forza fundamentais de toda a súa obra: a lealdade á historia de Galiza e á súa reivindicación nacional xunto co antifascismo que foi a bandeira do compromiso dos escritores do seu tempo.

A NOSA TERRA

XA Á VENDA



Vivimos no mellor dos mundos posibles (Felipe González)



Joan Baez, a emblemática cantante norteamericana que puxo de moda o *Non nos han mover*, durante os anos sesenta, actuará en Zagreb e Sarajevo subida a un camión nun festival solidario. Os portugueses en cámbio quedarán sen escoitala. Baez pediu á cooperativa *Mundo da Canção*, que intentou organizar a súa actuación, un **Rolls Royce** para trasladarse e un frigorífico no cenário.

Informan as axencias de prensa, con pesadume, de que a Sylvester Stallone acáballe de fallar a bomba neumática colocada polos médicos no seu pene para lograr a erección. A noticia foi acollida con **preocupación** nas *mesas-camilla* conservadoras. O Apolo do *reganismo* non funciona.

As siglas "PG" poden chegar a ser case tan abundantes como as insígnias do *pelegrin*. Ao PNG-PG, hai que sumar o PG que entrou a formar parte de Unidade Galega. Tres concelleiros de Lugo tamén se reclaman militantes dun PG autónomo. Ao que se

Fraga destapa-se

Creo que para as persoas máis lúcidas deste país o Sr. Fraga nunca estivo moi tapado pero agora cre-se con dominio suficiente da situación como para facer aflorar o que aniña no seu inconsciente: un nacionalista español de claro talante autoritario. Con ocasión das polémicas sobre administración única, declara que a el ningún lle pode dar leccións de patriotismo, tomando como referente ao patriotismo español, limita o acceso ao parlamento galego e o dereito a intervir nos debates. O cuadro completa-se con unhas declaracións feitas en

Menorca o día 3 de marzo deste ano, nas que declara sen empacho que non cre nos feitos diferenciais. O periodista, Luis Villamor, introduce en La Voz de Galicia a información coa expresión "sin ambages", a saber, con ousadía e sen rodeo de nengunha clase.

Na nosa comunidade non houbo, que eu saiba, a menor reacción a estas declaracións, que serían impensábeis nun dirixente de cal-

que significación ten esta declaración? Permitásenos expresalo por meio dun razoamento siloxístico:
Eu non creo nos feitos diferenciais. Galiza é un feito diferencial.

Eu non creo en Galiza.

quer das outras nacionalidades españolas. Mais eu pergunto-me que psaría en caso "impensábel" de que o respetivo presidente tivese tal ousadía? Polo menos imaxino que o povo reaccionaría contundentemente ante o que consideraría un aldraxe á súa dignidade colectiva. Na nación galega, a capacidade de resposta dos partidos nacionalistas é limitada; os socialistas pasan de feitos diferenciais; os meios de comunicación contribúen a matá-los, como o demostra a diário a súa práctica

españolista; e o povo, ante tal espectáculo, fica exánime, pasivo, sen capacidade de resposta. Este é o problema principal, a pouca forza da sociedade civil en Galiza, que non sabe responder doadamente ante casos de agresión desta índole.

Que significación ten esta declaración? Permitáse-nos expresá-lo por meio dun razoamento siloxístico:
Eu non creo nos feitos diferenciais Galiza é un feito diferencial Eu non creo en Galiza

Claro que o Sr. Fraga negaría a menor, "Galiza é un feito diferencial" e ipso facto a conclusión, aínda que deste xeito se puxese, ou quizais para pór-se,

O tapón

Galiza semella unha botella taponada por forzas alleas. É preciso que o tapón salte. Máis, de que tipo é o tapón? Analisémolo. Desde hai 500 anos os españois obstruíron a evolución propia da Galiza. E aí seguen.

Colocáronnos un exército que facía aquí as levas para carne de cañón, un exército só válido para combater aos indefensos indios precolombinos e para reprimir aoseu propio povo, un exército perdedor cando pelexaba con algun inimigo sério.

Colocáronnos unha Administración civil ineficiente e corrupta que padecemos e padecemos. Aquí viñan e fora (da miserábel e agora probe Castela) até os secretários dos Concellos, viñan os escribintes e os alguacís. A Administración de Xustiza é modelo de ineficacia, parálise e incompetencia. Maxistrados, xuíces, secretários tamén viñan de fora, da agora probe Castela. Aquí si tiveron algun éxito: Conseguiron enredarnos en pleitos e liortas interminábeis aos pobres e incautos galegos que adicaban e adican cantidade de recursos para engordar a este nefasto colectivo. No último libro de Michel Albert "Capitalismo contra capitalismo" fálse da influencia dos abogados no sistema USA e os grandes custos e ineficiencias

que iso acarrexaba: seica a IBM tiivo que alugar todo un bloco de vivendas para aloxar á equipa de avogados que o ía representar nun só caso!

Colocáronnos tamén, tarde e mal, unha Administración educativa. Grácias que na Galiza parte dos emigrantes ao continente americano tomaron algun interese polos seus concidadáns e criaron e financiaron escolas rurais e outro tipo de obras sociais e culturais. A longa noite franquista acabou con estes alicerces. Só cando o desenrolo técnico-económico fai imprescindible a xeralización da educación chega a esta a case todosos recunchos da nosa terra. Non entramos a valorar o minifundismo inducido que aquí se implanta no modelo universitario, desnaturalizadno as funcións que debe perseguir a dita institución.

Mais, o pior xa non é iso senón que todos estes séculos de presenza universitária na Galiza non serviron máis que para colocarnos aquí a persoal alleo, amantes da boa mesa e das be-

lezas desta terra pero pouco dados a potenciar os recursos e enerxias positivas que sempre existiron na Galiza. J.L. Pensado en "Fray Martín Sarmiento: sus idealingüísticas" expón esta cita de Sarmiento reveladora e moi actual, pois este proceso proseguíu até o día de hoxe. "No los gallegos sino los no gallegos que a principios del siglo XVI inundaron el reino de Galicia, no para cultivar sus tierras, sino para hacerse carne y sangre de las mejores, y para cargar con los más pingües empleos así eclesiásticos como civiles".

Na educación en xeral, e na Universidade en particular, este proceso de expoliación intelectual e bloqueo dos alicerces xurdidos na Galicia foi unha política sistematicamente seguida por todos os gobernos centralistas. A dotación de cátedras a individuos forráneos que só tentaban facer carreira no aparato do Estado e que nen sequer tomaban posesión da mesma foi unha práctica sangrante que aínda algúns que ren reeditar agora.

É esta política a que nos colocou este tapón histórico que soportamos e que impede a normalización política, económica e cultural da Galiza. Un tapón que é necesario facer saltar, pois adotación de capital humano propio e competitivo é condición precisa para que Galiza poda existir e actuar

no concerto dos povos europeos con certa dignidade. Porque esta elite intelectual que herdamos non só é antigalega —que xa sería suficiente para desbotala— senón que é incompetente, corrupta e, aínda ás veces, criminal. Estes grupos afástanos da Europa e das sociedades máis modernas e ricas, e, pola contra, aproximámonos ás sociedades de tipo latinoamericano ou africano co predomínio da corrupción, ditaduras, máfias organizadas, etc.

Cando milleiros de galegos tiveron que dirixirse á Europa na procura de postos de traballo demostrouse que o povo galego é competitivo, traballador e válido para desenvolverse nos traballos propios das sociedades avanzadas. Tamén se demostrou que son as elites herdeiras do Estado centralista español as que non son competitivas nen poden levarnos caraun modelo de organización político, económico e social que garanta un certo grau de progreso material e social.

Velai un factor que nos diferencia de Catalunya onde a elite dirixente é catalana, e moi superior e competente á española. Por iso, o españolismo e o franquismo levan camiño de converterse ali en pura historia, e por iso Catalunya xa é máis Europa que España. ♦

L.D.V.
(COMPOSTELA)

TODO

LIBRERIA SIRIUS

Travesía de Vigo, 17 - Tlf. 27 98 55
36206 - VIGO

Oskorri

Música de Euskal-Herria en CD, LP e cassette.
AMPLIO SURTIDO EN MÚSICA POPULAR

LIBRERIA PAPELARIA PEDREIRA

- ♦ Libros galegos e portugueses.
- ♦ Libros de texto.
- ♦ Fotocopias.
- ♦ Plastificados.
- ♦ Encadernacións.

RUA DO HOME SANTO, 55. TEL.: 58 54 03 — FAX: 58 09 84 SANTIAGO



en contra de todos os teóricos do nacionalismo galego. Dicia Vicente Risco no ano 1934 que "Ser diferente é ser existente". Só os povos diferentes teñen un posto na historia, pois os que perden as súas características, dilúen-se na masa, noutras comunidades e deixan de existir como tais povos. O nacionalismo debe ser intransigente en certos puntos: "É o noso patrimonio tradicional, o noso carácter, o que hai que defender, o noso patrimonio tradicional. Millor que ser libres é ser galegos; mais val ser súbditos, mais val ser probes, que ser un pobo sen alma propia. Un pobo é unha cultura autóctona ou non é nada. Onde non hai cultura propia non hai pobo, non hai máis que masa, suma de nomes sen contido, por libres e ricos que podan ser". Deste

Isto ao Sr. Fraga non lle di absolutamente nada porque está a representar unha farsa.

totalmente asumíbel polo demais, hai unha frase, "Millor que ser libres é ser galegos; mais val ser súbditos", á que cumpre pór-lle algúns reparos e facer varios distingos para que poda ser aceptada. O Sr. Fraga concordaría plenamente con ela con só mudar "galegos" por "españóis", como ten suficientemente acreditado pol defensa constante da "sagrada unidade da pátria" (española), pola consideración de "España, lo único importante" e polo incienso, apoio e axuda que tributou ao Xeneral Franco, ante quen tiña a sensación de estar, segundo propias confesións, co Cid Campeador.

No ano 121 afirmaba o escritor ourensán: "Pode-se vulgar máis ou menos faborabelmente a nosa literatura, a nosa arte, o noso carácter; o que non se pode é dudar de que existen unha literatura galega, unha arte galega, un carácter e unha mentalidade galega. Pero unha mentalidade colectiva diferente é un povo: nós somos diferentes dos demais españóis, e ser diferente é ser existente; diferenciar-se é ter personalidade". Pois o Sr. Fraga, que é quen ebia impulsar, acentuar, vigorizar a nosa personalidade, incitando-nos a contruir un proxecto de futuro para o noso povo que o libere da súa situación de submisión, dependéncia e atraso, non se lle ocorre outra cousa que dicir que non cre "nos feitos diferenciais".

O mestre rianxeiro Castelao non gostaba da historia de Galiza porque "o pasado sóio nos deixou desilusións de vida e nin tansiquera sabemos cá foi o seu mellor propósito... E calro está que renego do pasado, porque o feito diferencial de Galiza xa supera, na conciencia e na vontade política dos galegos de



hoxe, a todol-os feitos rexistrados na súa historia". É evidente que, segundo o sentir de Castelao, o Presidente Fraga representaría un retroceso na historia e conciencia do noso povo: *Fraga non ten conciencia do feito diferencial e por conseguinte, nega os dereitos colectivos porque estes non admiten outra fundamentación que a diferenciación, ou, noutras palabras, a per-*

sonalidade propia, como ben sabe o Sr. Presidente.

Castelao opuña-se aos republicanos desterrados, defensores dun empedernido centralismo, por non seren capaces de propoer un plano de organización do Estado para o momento do retorno, e por manifestaren que "os problemas de Hespaña teñen de ser planteados en Hesp-

paña, porque é ali onde poden acadar solucións axeitadas mediatne a espresión da vontade popular" pero "a discusión que máis temen é a que se refire aos feitos diferenciais e á conseguinte estrutura do Estado de mañán". Pois ben, o Sr. Fraga aínda estivo alén deses empedernidos centralistas porque militou no campo dos que fixeron a guerra, entre outras cousas, para matar os feitos diferenciais timidamente recoñecidos polos mentados centralistas.

Respeito da Constitución de 1931 consideraba Castelao que a República protexeu os dereitos do individuo fronte ao Estado mais esqueceu-se de defender os dereitos dunhas nacionalidades fronte ás outras e fronte ao Estado. "E se "soberanía nacional" tiña un límite ante os dereitos naturais da persoa humana tamén debía telos ante os dereitos naturais do grupo nacionalmente diferenciado, é decir, das varias i evidentes nacionalidades que integran a Hespaña, pois como ben dixo Renán "unha nación existe con máis perfeito eisitir que o individuo", e ten, pol-o tanto, dereitos superiores e anteriores aos do mesmo Estado". Isto ao Sr. Fraga non lle di absolutamente nada porque está a representar unha farsa, pois foi elexido para facer o contrario do que sempre defendeu e no que sempre creu, foi elexido para gobernar unha nación, que non lle cabe na cabeza: pequena en territorio, inmensa como proxecto. ♦

R. CARVALLAL

Non quero ser González Videla

Un día de 1946, cando González Videla aínda era candidato á Presidencia da República chilena dixo lapidariamente: "O movemento anticomunista, no fondo, é a persecución, a liquidación da clase obreira". Eleito presidente, maniatou o país mediante a represión dos traballadores, e unha férrea censura.

A Historia parece que sempre se repite. Quizá a especie que domina o terceiro planeta do Sistema Solar desde a era dos tempos non consiga nunca dominar a súa xenreira e a súa cobiza. Talvez o noso destino último sexa a autodestrucción, e así quedaria gravada para sempre na tumba do esquecemento a célebre frase de Marx: "Homo homini lupus" —o home é un lobo para o home—; e o que conseguiron durante séculos as mentes máis lúcidas,

Os intelectuais da política en conserva teñen medo de que o reitor se deprima se é criticado.

debe engadir a série de históricos galeguistas que se consideran membros dun PG, que nada ten a ver cos anteriores. Será polos réditos eleitorais que lles dá o nome.

As noticias sobre as autovías

confundiron a non poucos galegos residentes en Madrid que viñan pasar aquí esta Semana Santa. Moi felices cos catro carris que hai até Benavente, pero aí quedou todo. Algun sumou na viaxe 8 horas de atasco.

Antolin chamou a Fraga para falar do anticipo das eleccións. Púxoselle o Conselleiro da Presidencia, Dositeo Rodríguez. Fraga estaba de palique naquel intre cos empresarios venezolanos que lle daban conta da visita do lider do PSdG-PSOE ao país caribeño. Antolin mostrou o seu habitual sentido da inoportunidade. Non é raro que logo negase a realización de tal chamada.

López Arriortua, ex-xefe de produción da General Motors convertiuse en estrela despois da súa fichaxe

RESERVA E RETAGUARDA !

NANINA SANTOS

"A muller é máis inestábel emocionalmente que o home", constatou o Ministerio de Defensa nun informe realizado en 1991 e feito público agora. Informe previsor pois co descer da natalidade que atinxe ao recrutamento masculino, elas serán admitidas "cando haxa escaseza de homes para levar adiante as funcións militares". No entanto, o Ministerio lida as psicoloxías: masculino e feminino.

Eles, duro granito. Apenas resentidos se lles morre un ser querido; se un amor os abandona; se o ser dos seus soños (teñen soños?) non lles fala; se un fillo ou unha filla manifestan peferéncia face a nai; se un amigo, compañeiro (amiga, compañeira) emprsta máis interese a outras persoas en detrimento deles...

Equilibrio envexábel mentres elas, lábeis, inestábeis, desequilibradas, histéricas. Propensas ao laio e ao salaio, ao enamoremto e ao esmendrellamento.

Do que eu non teño dúbida —sai no mesmo informe: "non aceptan a unha muller como igual e menos dándolles ordes".

Dándollas e sen darllas. No exército e na vida civil. ♦

COLECCIÓN DE LINGÜÍSTICA



• A LINGUA DO ALUMNADO E PROFESORADO NAS FRANKAS OCCIDENTAIS DE ASTURIAS, LEÓN E ZAMORA
Xosé Rubal Rodríguez, Daniel Veiga Martínez, Neves Arza Arza.

• A REIVINDICACIÓN DA LINGUA GALEGA NO REXURDIMENTO (1840-1891). ESCOLMA DE TEXTOS
Carne Hermida

• O REPERTORIO GALEGO DOS REFRANES O PROVERBIOS EN ROMANCE DO COMENDADOR HERNÁN NÚÑEZ (1535)
Santiago Alfonso López Navía



Novidade

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Rúa do Vilar, 30. 15705 Santiago de Compostela
Teléfonos: 58 80 88 / 58 97 09 • Fax: 58 86 99



A ALDEA GLOBAL

pola Volkswagen. No lado positivo están as razóns que puxo para marcharse. "Alí estou na casa -díxolle aos directivos norteamericanos que lle ofrecían o ouro e o mouro- e ademais eles prometeron instalar unha fábrica na miña vila, Amorabieta. No lado negativo está a clave do éxito de Arriortua: aplicar o sistema xapones que consiste en rebaixar os custos de produción a cámbio de pagar moito menos ás empresas auxiliares que fornecen de pezas á casa matriz. A metade do emprego que xera a produción de automóveis queda en situación precária.

A televisión non funciona xa sen gogos, quinceañeiras xamonas, majorettes, azafatas, gruppies que adornen o programa, calquer programa, que estimulen a líbido do varón solitario no sofá de orellas, do marido frustrado, do adolescente reprimido. En ausencia de contidos que ofrecer, porque a censura proíbe todo, promóvese a masturbación. É o descubrimento da casa de putas hertziana, con perdón, e moi hixiénica. ♦

trocaríase en cinza e silencio, o máis triste dos silencios.

Non quero ser González Videla; nen quero darlle máis argumentos a Orwell cando escribeu: "todos os animais son iguais, pero uns son máis iguais ca outros". Quero estudar para construír unha nación, loitar pola liberdade dos pobos, e buscar no horizonte do futuro algo de amor na soedade que imprgna as bágoas dos nosos ollos.

Os intelectuais da política en conserva, eses que teñen medo de que o Reitor se deprima se é criticado por hipotecar a ensinanza superior do país, ensinaronme que quen máis vale non é quen máis sabe, nen quen máis traballa, senón quen pensa coma eles. Avogan pola uniformización do pensamento e o encarceramento dos soños.

Pero xa dicía Castela que: "o amor á Galiza non é algo que se sinta no bandullo", por iso o seu afán de ter unha conta corrente a costa do nacemento da primavera na Universidade non vai saciar o seu apetito revolucionario.

O máis triste é que moitos soñadores e soñadoras tivemos que emigrar, emulando a Neruda, para non ser escravos na nosa terra, do xugo aprisionador da soberbia e da cobiza. A fin de contas o peor é para eles, porque non hai maior castigo que o da conciencia.

O González Videla da República chilena tiña como ideal inteiro da súa vida o de "Ser Presidente"; eu prefiro as lúcidas utopias do amor e da liberdade. ♦

XOAN F. PÉREZ ARGIBAY
EX MEMBRO DOS C.A.F.

Votar

Som un rapaz da Marinha lucense e escribo ante o temor de que os galegos volvamos ficar illados no "estado espanhol". Debido a situación de sempre as forzas do galeguismo activo pretenden gañar unha luita entre eles a prol dum unico escano no congreso coma foi o caso de CG fai xa uns anos ou danse conta logo das eleccións e unense co galo de acadar algun escano em Pontevedra coma foi o caso das pasadas eleccións.

Non digo nada a favor ou en contra de ninguem, pero de todos e sabido que ante votar unha formación nacionalista con escaso marxem de sacar un escano e de ter un representante de pedra en Madride a xente prefire votar a un partido maioritario español.

Quero en fin chamar a atención dos lideres Galeguistas para que tomen conciencia dunha si-

Esta sección está aberta ás informacións, opinións ou críticas enviadas polos lectores sobre calquer tema, incluídas fotos ou deseños. As colaboracións poderán ser editadas. Prégase que a súa extensión non exceda das 60 liñas

Envíos a:
A NOSA TERRA
A ALDEA GLOBAL Apart. 1.371 36200 Vigo
ou através
do Fax: (986) 22 31 01.

tuación que eles coñecen e que formen a Unión dos Nacionalistas Galegos (UNG) e que traballen unidos pola súa terra. ♦

G.K.
(VIVEIRO)

Normalización versus normativización

Non concordo con a inteligente e civilizada defensa da necesidade de una norma ortográfica de concórdia feita por Jesus Pereira Lopez no último número de A Nosa Terra, na que questionava a minha tese de que una norma de concórdia sería "um monstro de duas cabeças", exposta no número 560 deste jornal semanal. Eu, entenda-se-me bem, não estou contra a concórdia, porque esta sería um híbrido, a médio caminho entre o isolacionismo e reintegracionismo moderados, ou ficaria, no melhor dos casos, dentro do campo de um reintegracionismo incompleto.

Aliás, não haverá suficientes normas como para ter que inventar uma nova de concórdia, pois a que propõe Pereira é a do pronutário da Associação Galega da Língua com pequenas variantes? Por essa razão, o meu artigo era também uma crítica aos reintegracionistas galegos por não termos uma norma comum no momento em que os países lusófonos chegam acordar uma.

Como Pereira se situa no campo do reintegracionismo moderado, a nossa discrepância sería a existente entre o reintegracionismo incompleto e o pleno. O seu argumento "populista" de que agora não é aconselhável, por motivos da escassa aceitação popular que teria, a adopção da norma lusófona do acordo ortográfico de Lisboa de 1990, ignora que essa mesma falta de aceitação popular padecería a norma reintegracionista moderada que ele propõe. A adopção de uma

norma reintegrada peculiar moderada (outra mais) não nos põe aos reintegracionistas a coberto da acusação de lusistas, com a que os isolacionistas oficialistas querem estigmatizar-nos, para, assim, nos afastar da nossa "gentinha", utilizando consciente ou inconscientemente esse complexo de inferioridade dos galegos, que nos faz desprezar todo o português —representado como inferior no imaginário popular galego—, porque, na medida em que coincide precisamente com o ser galego, nos recorda que o nosso é como o deles: "inferior". É certo que existe esse preconceito popular contrário ao português, mas do que se trata não é de adaptar-se a ele senão de ajudar a supera-lo. Certo também que Pereira defende chegar a longínquo prazo, sem traumas desnecessários provocados pela precipitação, à identificação do galego com o português. Ora bem, não podemos fazer tantas normas quantos passos pedagógicos tenhamos que dar para confundirmo-nos com o português; sería confundir a ortografia com a pedagogia. Os passos graduais há que os dar na pedagogia da ortografia, não na própria ortografia.

Discrepância ainda mais transcendente, pelas graves consequências que pode ter para o processo de recuperação de usos do galego, é a que temos a respeito do tipo de relação que deve existir entre a normalização e a normativização. Tão decisivo para a sorte do galego é o conflito que enfrenta os defensores do galego como língua normal da Galiza com aqueles que não estão a favor disto, como o que enfrenta a partidários de recuperar usos (normalizar) com uma língua dignamente estandarizada

(correcta normativização) e defensores de recupera-los de qualquer maneira, ainda que seja usando um *castrapo*, porque, segundo estes, "o importante é normalizar, depois já normativizaremos". Não senhor! Os inimigos do galego —como, segundo o catecismo católico de Trento, os da alma— são três: 1º a falta de usos, 2º o uso litúrgico (só ritualmente nos actos oficiais) e 3º a sua contaminação pelo espanhol e não a influência do português. Inimigos que não se dão por separado —há que o recordar aos que sustentam que primeiro é normalizar e depois normativizar—, porque não basta com recuperar usos linguísticos, se estes se recuperam com uma língua que é um crioulo, um *castrapo*, um dialecto do espanhol (incorrecta normativização). Inimigos que aparecem ligados, porque converter o registo coloquial ("o que fala o povo") de uma língua contaminada em registo culto estandar, sería faze-la impraticável para as actividades científicas e literárias (a não ser de literatura dos costumes), sería empobrece-la. Inimigos que se apresentam juntos, pois se ritualizar algo é sempre esterilizante, ritualizar o galego "oficial" da Junta, que não tem a solenidade das formas da tradição culta (tradição, que vem já desde os cancioneiros líricos medievais galego-portugueses) e das inovações com prestígio literário e científico (literatura e léxico científico portugueses) é duplamente esterilizante e ridículo. Assim, por citar dois exemplos do campo do léxico: não se lhe pode chamar, como fam os insignes professores do Instituto da Língua Galega, às tutorias *titorias* (a não ser que se acredite que *titoria* vem etimologicamente do emperador romano Tito), nem *currunchos* à esquina do campo de futebol, como temos escutado aos locutores da "telegaita" galega.

Para recuperar usos linguísticos para o galego, é necessário antes, durante e depois da construção de um Estado galego, compactar un núcleo significativo da população, formado por nativizados em galego (adquirido primariamente, durante a infância, na família), que o apendam também culturalmente (quer dizer, secundariamente, na escola e na sua forma culta portuguesa) e por galegos e não galegos residentes na Galiza, que, tendo aprendido culturalmente o galego, cheguem a nativizar-se nele (a fala-lo quase como se fosse a sua língua nativa). Por isso, os lusistas recomendamos, como método autodidacta de aprender galego, ir à aldeia falar com os camponeses galegos e ler todos os dias jornais portugueses. ♦

XAVIER VILHAR TRILHO
(SANTIAGO)

Aviso aos suscriptores

A normativa legal actual establece que os periódicos son correspondencia prioritaria. Pregamos a aqueles suscriptores que sufran retrasos na recepción do seu exemplar efectuen a correspondente reclamación na sua oficina de Correos, onde existen impresos para este caso. ♦



Teólogos católicos e ateos polemizan sobre o papel da relixión na sociedade

Celébrase en Pontevedra a X Semana Galega de Filosofía

■ G.L.T.

A polémica entre humanismo e anti-humanismo dos anos 60 na Franza reaparece na *X Semana Galega de Filosofía* que organiza a *Aula Castela* de Pontevedra sobre o tema *Filosofía e Relixión*. Os teólogos católicos Enrique Dussel e Leonard Boff polemizan cos ateos Gonzalo Puente Ojea, Josep Montserrat Torrents e Georges Labica.



A doutrina católica é mesiánica e racional, de outro mundo e deste, apocalíptica e integrada. Para o teólogo galego Gonzalo Puente Ojea, nesta ambigüidade reside a clave do grande poder temporal de Roma.

O althusseriano Labica, profesor de filosofía de Nanterre, entende que xa non é posíbel defender un ateísmo político, a menos que se queira producir por ese camiño unha proliferación de sectas á volta de medio século, tal como se aprécia nos países do Leste. Non interesa tanto insistir nas teses do Marx anterior ao 45 como na unidade política nun obxectivo común laico e progresista. Enrique Dussel acrescenta que a posición atea sería hoxe reaccionaria e a que a fórmula superadora sería a da fraternidade cristián. A polémica céntrase en se sería posíbel unha proposta de amor fraterno *de saída*, como principio doutrinal ou máis ben *de chegada*. Nesta segunda fórmula cumpría solucionar antes os problemas de organización da sociedade que impiden realizar a entrega e o amor franciscano.

Raul Fernet-Betancourt, profesor da universidade de Aquisgrán e editor da revista de filosofía *Concordia*, propón a liberación do catolicismo das estruturas teóricas monoculturais. O catolicismo realmente existente debe se liberar das súas referencias culturais e ensaiar un novo período histórico orientado no principio da interculturalización.

O fundamento ambigüo do catolicismo

Gonzalo Puente Ojea estuda a estrutura e instrumentos de poder da Igrexa católica desde a súa constitución e afronta criticamente as contradicións da dogmática eclesiástica. O teólogo galego desenvolve a hipótese da ambigüidade constitutiva da doutrina cristiá. Este carácter aleatório do pensamento da Igrexa ten a súa orixe no proceso de *inversión ideolóxica* pola que o cristianismo convértese nunha relixión de masas de carácter híbrido e ambigüo. O problema histórico do cristianismo comporta a análise racional dos mecanismos que tiveron que se pór en marcha para o inesperado fiasco dunha mesianidade frustrada. Este mecanismo, principalmente de poder, manipula os sentimentos de angustia igrexa. Para Puente Ojea, o misticismo eclesiástico procura por todos os medios ocultar ou desfigurar o corte epistemolóxico e teolóxico que se opera, baixo aparentes continuidades, entre a relixión vetero-testamentar e a relixión neo-testamentar. Nese salto compromete a súa pretensión de autenticidade.

Segundo Puente Ojea, a ambigüidade e bi-polaridade doutrinais do catolicismo no que respecta ao diñeiro non é senón unha proxección da ambigüidade constitutiva da mensaxe cristián en tanto ideoloxía e en tanto simbólica do poder. A fórmula tópica que mellor expresa a natureza híbrida do cristianismo eclesial é que a igrexa de Cristo está no mundo e co mundo pero non é deste mundo. Esta é a charnela da súa ambigüidade matriz e de toda a súa versatilidade operativa, amais de representar o achádego central da dogmática apostólica: a *unidade dos contrários*. Cando unha institución se considera en posesión dunha verdade total, exclusiva e excluínte e ao mesmo tempo configúrase coma formidábel poder temporal, a partir daquela presunta verdade, é imposíbel,

porque vai contra a natureza das cousas, que non derive cara ao dogmatismo de considerar como lídimo todo meio que conduza á realización dos seus fins. Tal sucede co diñeiro e coas demais formas e prácticas do poder da igrexa de Roma.

A relixión autónoma galega

O profesor de antropoloxía de Compostela, Marcial Gondar, aborda a relixión popular dunha sociedade que adoita formas externas trascendentes, que lle permiten vulgar os comportamentos desde fóra e deste xeito cuestionar o cotidiano. A relixiosidade popular non é unha socialización imperfecta do dogma oficial. Por máis que xerada no inicio desde o discurso culto, foi remodelada de tal xeito polo povo que funciona hoxe cunha lóxica autónoma aínda cando a situación de dependencia na que se atopa, obriga a adoitar fórmulas de convivencia e aparente submisión.

Enrique Dussel, profesor de Ética da Universidade Autónoma Metropolitana de Iztapalapa (México) entende que a filosofía e máis a ciencia ten limitacións que poderían trascenderse a meio dunha crítica relixiosa da economía. En opinión do teólogo, no *Capital* de Marx hai metáforas bíblicas: o diñeiro é o ante-Cristo e mentres Cristo (Deus) humanízase, o diñeiro divinízase. Para Dussel, ser cristián e capitalista é algo incompatible e o diñeiro, que é un obxecto, convértese nun feito.

Carlos Marx ía para teólogo, acrescenta Dussel, pero as circunstancias afastárono do camiño, segundo a explicación do teólogo arxentino. Con todo, o pensador de Tréveris nunca abandonaría esa visión relixiosa da crítica da economía para que se preparara. Esta é a orixe da súa explicación de que Deus morreu, en tanto o capital é un deus ben vivo que reclama vítimas humanas. Diante da xigantesca débeda (interese que o Sul paga ao Norde) parecería hoxe máis actual que nunca iste texto anti-Nietzscheano: "O deus do feito vive da vida dos pobres do mundo. O absurdo é que o capital como capital rende un interese composto e apreséntase coma un Moloch reclamando o mundo inteiro como vítima ofrecida en sacrificio nos seus altares". Marx fai nestas liñas unha crítica relixiosa metafórica da economía, unha metáfora cuase teolóxica. Non se trata do Marx de xuventude senón do Marx da segunda redacción do *Capital*.

Sobre o tema *Filosofía e Relixión* tamén aportaron ponencias á *X Semana Galega de Filosofía*, Marcelino Valiño Vidal, Elías Pérez Sánchez, Manuel Romero González, Carlos Lodeiro González, Buenaventura Aparicio Casado, Xosé Antonio Puras Hernández, Santiago González Avión, Eva Mourino López, Alfonso Sola Lima, Luis García Souto, Yolanda Teijeiro Rey, María Dolores Vázquez García, Flor Rodríguez Lemos, Xesús Almón Iglesias, Xulian Arroyo Pomedá, Xoé Luis Barreiro Barreiro, Ismet Busatlio e Xosé Manuel Cid, entre outros. ♦

7 DIAS

■ Poetas alófonos en galego

Organizado por Xesus Alonso Montero ten lugar nesta semana en Compostela o Congreso de Poetas Alófonos en galego, ou sexa adicado aqueles autores que, sen ser a súa propia lingua, fan creación en galego. Durante o evento homenaxearase a Anxel Casal e Federico Garcia Lorca.

Garcia Lorca xunto ao catalán Carles Riba serían as grandes figuras da alofonia en galego. Para Alonso Montero o máis importante, ademais da publicación dunha escolma de poetas alófonos, será a presenza dunha dúcia de escritores alófonos "desde Anne Marie Morris ao doutor Pérez Prado". ♦

■ Estrea de *Milladoiro*

Iacobus Magnus, obra composta polo grupo *Milladoiro* por encárga do Consórcio Compostela 93, estreárase o vindeiro venres día 23 no Auditorio de Galicia de Santiago. A obra divídese en sete partes: *Pórtico, Un longo camiño branco, ¿Onde vai aquíl romeiro?, Per loca marítima, No primeiro milladoiro, A noite estrelecida e No cabo da viaxe*. A duración prevista é de cuarenta minutos e no concerto de estrea, amais do propio grupo *Milladoiro* participa unha Orquestra de Cámara, especialmente artellada para a


ocasión, composta por vinte músicos de corda.

O grupo galego ten previstos máis de dez concertos en distintas cidades do Estado español, localizados na rede de *Auditorios Nacionais*. Posteriormente viaxarán a distintos países europeos, así como ao Canadá e outravolta Estados Unidos. No verán, teñen previstas actuacións en Vigo e Santiago, a carón de Allan Stivell e *The Chieftains*. Coa gravación da obra *Iacobus Magnus* estrearán estudo de gravación propio, que se ben non está concebido comercialmente, non descarta a súa posíbel utilización por parte doutros músicos galegos. ♦

■ Xornadas das Emisoras Municipais

Poucos días despois que se fixeran públicos diferentes dictames sobre as contratacións entre as leis española e comunitaria sobre televisións locais, celébranse en Culleredo as IV Xornadas da Rádio Pública Local (16, 17 e 18 de Abril). O encontro está organizado pola EMUGA (Emisoras Municipais Galegas), unha asociación intermunicipal formada polos concellos de Corcubión, Culleredo, Fene, Negreira, As Nogais, Oleiros, As Pontes, Ribadavia e o Val do Dubra, municipios todos eles que contan con cadansua emisora municipal.

Os ponentes que intervirán son Xosé Luis Blanco ("Historia da rádio en Galicia. Perspectivas de futuro"); Miguel Martínez e Felisa Sanz ("A rádio local libre e alternativa. Dinamismo dos movementos sociais"); a directora de Radio Cornellá, Montserrat



Pérez, falará de "A publicidade como fonte de recursos económicos"; Xesus Pérez Varela e Javier Nadal (MOPT) explicarán a cobertura legal das emisoras municipais e na xornada de clausura intervirán Francisco Iglesias ("Estudos de Audiencia"); Xosé Ramón Pousa ("Innovacións tecnolóxicas na rádio") e Ramón Chao ("A crecente especialización da rádio"). Na primeira xornada Carlos Blanco escenificará o seu espectáculo "Directamente Paco". ♦

■ Congreso de Literatura Medieval

Dos días 26 ao 29 de Abril, terá lugar en Santiago un congreso internacional sobre literatura medieval galega baixo o lema "O cantar dos trobadores". Segundo fontes da organización asistirán unhas setecentas persoas entre eles especialistas de varias

universidades europeas. Valeria Bertolucci, Anna Ferrari, Liciano Formisano, Gérard Gouiran, Antoine Tavera, Carlos Alvar, Carmen Parrilla, Elsa Gonçalves e Madelaine Tyssens, son algunhas das ponentes, estando aberto tamén o evento ás comunicacións libres presentadas e seleccionadas polo Comité Científico do Congreso. O programa definitivo darase a coñecer nos próximos días. ♦

■ Presencia galega na Bienal da Habana

Celébrase estes días en La Habana e San Antonio de los

Baños (Cuba), a VIII Bienal Internacional do Humor. Exposicións e sesións de traballo nas que por primeira vez está presente unha delegación galega integrada por Pepe Carreiro e Xosé A. Suárez (director de *Can sen Dono*).

A delegación galega presentará unha exposición de humor gráfico na que estarán presentes Quessada,

Pereiro, Xaquín Marín, Carlos Silvar, Hortas, Tokio, Forxán, Xosé Lois, Pepe Carreiro e o Chichi Campos. ♦

■ Aberto o prazo para a Mostra Folk da Cidade Vella

A Asociación Cultural Cidade Vella de Compostela convoca por cuarta vez consecutiva a mostra galega para grupos de folk galego que non teñan nengunha obra no mercado. A organización concederá catro premios en metálico e contempla a posibilidade de editar un LP aos grupos gañadores. A mostra celebrarase en Compostela o 28 de Maio e a inscrición está aberta até o 10 de Maio (981-56 34 47). ♦



X.A. Suárez, director da revista *Can sen dono*.

BELTAINNE



DISTRIBUCIÓN MUSICAIS ALTERNATIVAS

MÁIS DE 5.000 DISCOS Á TUA DISPOSICIÓN

Músicas étnicas. Folk e música tradicional da Bretaña, Escocia, Irlanda, Asturias, etc. Zydeco cajun. Blues. Country. Novas tendencias. Música galega tradicional e folk

FAI O TEU PEDIMENTO POR TELÉFONO OU A MEDIO DESTA TARXETA

Enviar á BELTAINNE Apartado 8282 VIGO 36200. Telf. (986) 47 26 94

Desexo recibir gratuitamente o catálogo BELTAINNE

NOME APELLIDOS

ENDEREZO C.P.

TELÉFONO POVOACIÓN

Título Título Título

DEN, *Just around the window* WYRDHIN & POL HUELLOU, *Harp & Bamboo* BATTLEFIELD BAND, *Quiet Days*

BARZAZ, *Ec'honder* WORLD'S GREATEST PIPERS ARCHETYPE

Forma de Pagamento: Ingreso en Caixa Postal O.P. Vigo Nº de Conta: 18.539.973 Ao recibir do pedimento (Contrareembolso). Pago domiciliado. Para pagamento domiciliado en banco ou caixa cobrir os seguintes datos:

BANCO/CAIXA Nº CONTA/LIBRETA

TITULAR DA CONTA/LIBRETA

Nº SUCURSAL POVOACIÓN

PROVINCIA DATA

Atentamente (sinatura)

OFERTA



DEN, *Just around the window*
O grupo máis anovador do folk actual. C.D.
Jacky Molard, Patrick Molard, Soig Sibéril, Jean-Michel Veillon e Alain Rouquette.



MYRDHIN POL HUELLOU,
Harp & Bamboo
Arpa céltica de novas tendencias. C.D.




BATTLEFIELD BAND, *Quiet Days*
Clásico do Folk escocés. C.D.
Alan Reid, Austain Russell, John Mc Cusker, Ian Mac Donald.



BARZAZ, *Ec'honder*
Folk de novas tendencias. C.D.
Con Yann-Fanch Kemener, Jean-Michel Veillon, Gilles Le Bigot, Alain Genly, David Hopi Hopkins...



WORLD'S GREATEST PIPERS,
Escolma dos mellores gaiteiros solistas escoceses. C.D.
Angus Mac Donald, Iain Mac Fadyen, Murray Henderson...



ARCHETYPE
Folk de avangarda da Bretaña. C.D.
J. Molard, C. Lemaire, F. Landreau, Y. Rouget, P. Lecompte, P. Lemou, H. Bertho e T. Moreau.

2.000 pta. unidade + 300 de gastos de envío

Leituras

conta de libros

Narracións da conciencia

Monólogos do espello de Lois Diéguez

Despois de sete anos de silencio narrativo (déixase fora, por ser un texto dirixido a un público infantil-xuvenil, *Artusa*; e, sobretudo, porque se trata dun retroceso sobre a anterior entrega novelística, *A canción do vagamundo*) torna Lois Diéguez cun libro de relatos: *Monólogos do espello*(1).


O volume consta de sete relatos, todos eles narrados en primeira persoa, mais, ao contrario do que pode dar entender o título, non todos son monólogos. Pois xa se sabe que o narrar en primeira persoa e o monólogo non son cousas iguais. Narracións en primeira persoa —ou monólogos— do espello. O espello está considerado, entre outras cousas, como o símbolo da conciencia, xa que logo, dá a entender o título. Das conciencia dos personaxes que falan.

Mais non todo é tan claro. O flur da conciencia destes personaxes é, moitas veces, restrinxido polo autor. Son momentos en que a narración falla. En que a técnica do monólogo interior non é dominada por Lois Diéguez e os artificios literarios —entendendo artificio como mero adorno— fanse presentes e estragan parte do relato. Estes artificios entran en acción mercé a unha dupla concepción da literatura que ten o autor, e que non remata de superpor unha á outra. Unha concepción primeira —que é dominante en todos os textos, narrativos e poéticos— que até o de agora deu Lois Diéguez: a concepción que exige da

literatura un obrar ben e ser de certa utilidade social e moral. E outra concepción que, parecería, se lle fixo presente mentres estaba a escribir estes relatos: unha concepción que libera á literatura de toda moralidade para lle conceder unha vida propia e admitir que ten máis a ver (a literatura) coa suxeitividade que coa utilidade. A loita, o enfrentamento —ás veces dialéctico, "Do odio", por exemplo, o relato gaña en calidade e profundidade. Cando é formal, ou descritivo, o relato resólvese de maneira de abondo pobre: "Da solidariedade" (aínda que compre subliñar que, mesmo nestes relatos, o autor non tira pola via fácil).

Os sete relatos que compoñen *Monólogos do espello* teñen a virtude de facer falar a persoas sinxelas, que falan para si mesmos —incluso o relato que é unha carta— ou para o vento, nun mundo reflectido entre brétemas e que dá conta da alienación urbana, da sociedade de consumo, dos hábitos hipócritas, da política suxa, etc. Mais estas compoñentes forman parte dun proceso maior que é o da conflitividade temporal humana. O que acontece, porén, é que Diéguez, moitas veces, non sabe reflectir esa sensación e cai, sen quererlo e contra os propósitos, nunha certa metafísica pretenciosa, cando o que necesitaban os relatos é que o autor se mantivese no punto inicial da saída: a vivencia material e comun, o cada día.

O cada día que é narrado —nos mellores relatos desta entrega— nun ton confidencial, autobiográfico (autobiográfico, dos personaxes, non do autor). Porén, Diéguez sabe superar ese ton e fuxir dunha certa tendencia inicial ao lirismo enfático e descritivo. Diéguez entra nunha pequena parte da realidade, toma un detalle —ou



Lois Diéguez.

unha sensación— e mergúllase nela. Logo toma ao punto de partida. Vai, dese xeito, ancheando a mirada, a captación, o ángulo de acción, a percepción da realidade. hai unha recorrência case obsesiva á memoria —quizá debido á técnica do monólogo interior. Os anxeos, a acumulación de sensacións que aspiran a comunicarse, os feitos existenciais subxectivos conxúganse coa vivencia da realidade exterior, nunha escrita que pegan por ser obxectiva a base de frases curtas, cortantes coma coitelos, ben que ás veces reapareza o lirismo

mo enfático do que se falaba enriba. É neses momentos cando Lois Diéguez non logra o seu propósito inicial de conxugar a escrita cos enfoques ontolóxicos e psicolóxicos do relato, nen coa estrutura, que se converte en débil e difusa.

Pero nos mellores relatos, o autor consegue transmitir a conciencia de soedade e fracaso dos personaxes. Para iso, introduce —talvez sen quererlo— un certo nihilismo liberador nunha literatura que quer ser edificante ou denunciadora, política e/ou ética. Un nihilismo, certamente, dos personaxes que monologan e que se liberan no monólogo. Que falan para si propios e que a meio da palabra se sinten libres.

Literatura interior, xa que logo. Da vida interior, do interminábel novelo dos pensamentos reiterativos, das sensacións comprobadas, da sensibilidade exacerbada polo ocio, a soedade, a frustración dos impulsos vitais, a fuga do tempo inapreixábel, o amor confundido polo sexo. Porén, certo ton imposto nalguns relatos (un golpe de efecto, de humor, final) fan que estes perdan calidade.

Lois Diéguez, desde as súas primeiras entregas narrativas —*A Torre de Babel*, o imposto a pagar por todo aquel que non acada a recuperar a capacidade imaxinativa; *Galou Z-28*—, até a presente, percorreu un camiño longo e difícil, con moitos tropezos, pero cunha infatigábel vocación literaria que, á vista do presente —escrita hai polo menos tres anos— aínda debe dar mellores frutos. Esperémoslos. ♦

XGG

1) Edicións Laivento. Nº 20. Santiago de Compostela, 1992. 86 páx.

José Miguel González Míguez
A Banca Galega no marco do Sistema Bancario Español



Finanzas galegas

Dentro da serie de *Monografías* da revista *Coordenadas* José Miguel González Míguez edita o seu traballo *A Banca Galega no marco do Sistema Bancario Español*, dirixido por Miguel Cancio. É unha investigación da situación da banca galega no contexto internacional, planteando hipóteses e expectativas sobre os desafíos aos que debe facer frente. O volume conta cun abondoso aparato estadístico. ♦



Pastora de Sorrisos

Con este título fai a súa última entrega de versos o lugués de Samos Fiz Vergara Vilariño, que no 1990 obtivera o Premio Galicia da Crítica con *Nos eidos da bremanza*. Na introducción do volume Xavier Rodríguez Barrio fala do libro como "a conformación perpetuada do persoal e autobiográfico universo lírico que Vergara arquitecta dende a perfección do que é obra definitiva, dende a incuestionable madurez literaria e dende a palabra creada en liberdade: a única palabra absolutamente verdadeira". O libro inclúese na colección poética de *Sons Galiza*. ♦

Memoria dun militar

A editorial Grijalbo ven de editar *Militar e Demócrata*, unha memoria biográfica do xeneral de artillería Alberto Piris, militar que puxo ao servizo do pacifismo o seu traballo nos últimos anos. Desde os puntos de responsabilidade que ocupou Alberto Piris recupera a súa chegada ao exército e episodios principais da transición, incluída o golpe do 23 de Febreiro e a entrada na OTAN Nun apéndice ao final do libro recóllense algúns dos seus artigos seleccionados sobre a guerra do Golfo. ♦

MONTES E FONTES


Para coñecer e amar a natureza

Guía ecolóxica das cunchas e moluscos de Galicia. A máis amena e didáctica presentación dun dos tesouros ecolóxicos das nosas costas, da man dun dos nosos máis prestixiosos especialistas en malacología. Case oitocentas especies. A súa localización. Técnicas de conservación. Coleccionismo.


NA MESMA COLECCIÓN



GUÍA ECOLÓXICA DAS CUNCHAS E MOLUSCOS DE GALICIA
Emilio Rolán
Ilustracións en branco e negro.
Fotografías e láminas a cor.



XOSÉ R. GARCÍA
Plantas con flores de Galicia
(2 volumes)



X. L. IGLESIAS-X. ASTOR CAMINO
Guía das bolboretas de Galicia



Cine

Optimismo reaccionário

Heroi por accidente

Unha lectura superficial dun filme como *Heroi por accidente*, pretende explicalo como unha crítica, en tono de sátira trágico-cómica, sobre a fabricación dos "herois" polos medios de comunicación, onde o cineasta británico *Stephen Frears* realiza un axuste de contas particular contra aqueles medios que, frívolamente, adicanse a criar eses artificiais obxectos-suxeitos de consumo como exclusivo reclamo para vender xornais. Desafortunadamente, estes, é certo, non saen moi ben parados, porén, analizar o filme desde esta única e exclusiva perspectiva, é, ao meu entender, erróneo e propio de espectadores pouco exixentes dunha crítica miope. O autor de "A miña fermosa lavandaria", elabora o seu filme apoiándose nun guión escrito con corrección por *David Webb Peoples* ("Sen Guerra") e desenvolve o seu traballo utilizando como referencia o cine americano de comedia que tivera, nos anos anteriores á II Guerra mundial, o seu momento de esplendor.

Un cine americano no que Frears, logo dasua brillante andaina británica, atópase perfectamente instalado, con todo o que de perda de liberdade criadora ten esa asimilación pola maquinaria hollywoodiana. Certamente, director e guionista, escarban limpamente nunha longa tradición de comedia pseudocrítica que tivo a súa etapa gloriosa na década dos trinta e primeiros cuarenta grácias ao labor dese sumo sacerdote do espírito do "new deal" que se chamou *Frank Capra*, un Capra que, como poderán comprobar os lectores desta columna, ven aparecendo con demasiada frecuencia cando se trata de falar dunha certa corrente do cinema americano actual. E será precisamente a exploración do rasto de Capra no Hollywood de hoxe, o que nos permitirá elucidar as auténticas claves que expliquen a natureza dun filme como "Heroi por accidente".

Sen recato nengun, Frears recorre ao discurso de fitas como "O segredo de vivir", "Que fermoso é

viver", "Vive como queiras" e, sobre todas, "Xoán Ninguén" (da que "Heroi por accidente" extra motivos idénticos e case milimétricamente "aggiornados") para construír un discurso que cumpra na actualidade os mesmos obxectivos que aquelas películas cumpriron no pasado. A Grande Depresión e a situación de desastre económico-social dos Estados Unidos nos anos trinta obrigou á industria cinematográfica a enviar unhas mensaxes optimistas, solidarios, cheos de moralina e construtores dunha mitoloxía heroica, colectiva necesaria, chamásenlle estes herois *Gary Cooper* ou *James Stewart*, dous "bons rapaces" que un *Dustin Hoffman* con menos "glamour", maior *vis* cómica, máis amargura e cinismo e similar talento interpretativo trata de resu-



Dustin Hoffman.

citar agora daman do realizador de "As amizades perigosas". Erxese así Frears nun axeitado axente

propagandístico do Hollywood máis reaccionário para reproducir aqueles argumentos e mensaxes que podan ser dixeridos nunha situación emocional semellante á daqueles anos de desesperanza, carestía, paro, decepción colectiva sobre o proxecto histórico do país e crise.

Se os USA de hoxe non distan demasiado dos daqueles tempos, as mensaxes do celuloide deben ter tamén semellante dirección. Aquí é onde repousa a *necesidade* dun filme como "Heroi por accidente", que ven representar, por outro lado, un novo vieiro de penetración ideolóxica a dinámica actual de creación de argumentos cinematográficos artellados polo aparello cinematográfico dos USA. En efecto, ao lado crítico dun Lee ou un Stone, á dinámica, sempre pre-

sente, da evasión violenta e racionaria de calquer nome de esteira, á corrente que se inspira nos guións xa renabilizados en Europa e a aquela outra baseada na literatura de éxito asegurado, habería que sumar esta outra do optimismo e mensaxe solidario, ao estilo de consignas tais como "temos que salvar ao país", "todos podemos, se queremos" ou "temos que arrimar o lombo". Esta última tendencia, propagandística e solidaria, moralista e de *necesidade*, de "medidas para salvar a crise" e de creación de "herois" anónimos ("todos podemos ser herois") substantiva algunhas das fermosas "pegatinas" que un Frears metido a mercenário do "establishment", trata de lanzar ao mundo nunha fita como a que hoxe comentamos.

E desde logo, o cineasta británico faino ben, con corrección, nun ton de sátira, funcional e atrainte, amparada nun traballo de Hoffman espléndido, un *Andy Garcia* mediocre (cando se aparta ao actor cubano dasua imaxe de duro, aínda lle queda moito que aprender) unha *Geena Davis* que sen ser *Barbara Stanwyck*, *Janet Arthur* ou *Donna Reed*, dá con corrección o ton ao seu personaxe (como tamén o fai o actor?) que encarna ao director da emisora da TV, digno herdeiro do *Cary Grant* de "Lua nova" ou o *Walter Matthau* de "Primeira Plana". En suma, a película de Frears, como as de Capra, é cinematográficamente correcta. E non podería ser doutro xeito, pois como di o estudoso cubano *Julio García Espinosa*, a quen gosto de lembrar sempre que a ocasión o require, "hoxe en día un cine perfecto —técnica e artisticamente— é case sempre un cine reaccionário".(1)♦

CELSO X. LÓPEZ PAZOS

(1) "Por un cine imperfecto". *Julio García Espinosa*. Castellet. Editor. Básica 15. Madrid. 1976.

G.V.

Televisión

O Tempo dos/as mediocres

Podería levar a coroa de rainha das maruxas, agora que dona *Adelaida* anda un tanto perdida e á baixa, como os seus amados culebróns. É un exemplo do profesional de pouco lustre ascendido a unha hora das de "première", que adoptou un ar de divismo que non hai quen o (a) ature. Chámase *Teresa Campos* e non a sacamos agora a colación por nengunha razón especial, pero hai tempo que tiñamos ganas de poñela nesta modesta "picota", que máis nos tortura ela desde xa hai anos. Coñecemos a súa cara e as suas escasas dotes comunicativas, tendo aparecido como presentadora máis ben ocasional e tateante en similares programas de sobremesa. Veu a etapa *Hermida*, preludio e precursor nefasto dun xeito de facer e presentar, e a señora foi subindo en consideración dentro do meio, até amargar o café de media España televisidente.

O éxito relativo debe virlle, como a outros profesionais similarmente plastas, da sua escasa brillantez e, por que non dicilo, escasiña cultura xeral a teor dos seus comentarios, e ao feito de enarborar coa mediocridade como estandarte dunha pre-

sunta clase "maruxeira" da que a *Campos* se proclama primeira dama. A sua maior virtude é a de berrar exaxeradamente, e ese costume que tanto incomoda, compartido tamén con outros/as compañeiros, de non deixar falar ao entrevistado ou ao tertuliano. Porque a tertulia, ou así lle chaman, que se monta a señora é un paradigma do que non debería ser, comezando pola disposición dos que presuntamente son invitados a falar. Aparecen todos sentados de fronte á cámara, nun gran sillón corrido, co que xa non teñen oportunidade moitos deles de verse as caras.

Pero ademais é a señora *Campos* a que leva a voz cantante, e aparte da vulgarización á que somete calquer cuestión tratada, imponse a todos coa sua verborrea, xoga a facerse a enxeñosa e a erudita que vaia por deus, e cando se dá un conta acabou a tertulia esa.

Hai tempo que non via nen sequer un anaco do programa, axudado polos documentais que teñen a ben emitir, cando non hai voltas ciclistas que o impidan, pola segunda ou "la 2". O último, como moitos sabe-

O éxito debe virlle, como a outros profesionais similarmente plastas, da sua escasa brillantez.

rán pero por se acaso recordámolo, é particularmente fascinante e chámase "A vida a proba", xa emitido hai pouco tempo. Pois dicíamos que había tempo que non contempláramos o "Pasa la vida" (vaia mania tamén cos nomes de programas con frases feitas), pero "zapeando" ollei o outro día á mentada e á sua filla, promovida a presentadora sen máis méritos aparentes que ter herdado os dentes en ristra e a parvicia da proxenitora. Que faga nepotismo a *Lola de España* aínda tal, pero outro motivo que non sexa o comprensíbel afán maternal para quitar á vástaga das listas do paro non se nos ocorre para xustificar a presenza deste discreto floreira, acompañada doutro máis alto pero igualmente nervosa e incapaz diante das cámaras. Pero que máis ten. O caso é armar ruído, meter mozos e mozas, adolescentes como os da *Tele 5*, que dubidamos teñan aprobado o BUP, que estean cachondas aínda que non saiban falar sen berrar, e xa teremos armado un pandemonium competente. Ou sexa, un lugar donde impere o ruído, os berros e a confusión, como é o caso deste "Pasa la vida" e de tantos outros.

Canta razón tiña *Vittorio Gassman*, que antes de que por estes pagos coñecésemos o apoxeo das teles privadas e o seu arrasto das públicas, xa dixó que o inferno existía, e era a televisión.♦

— EXPOSICIÓN —

SANTIAGO AMERICA
Unha visión completa da presenza do Apóstolo nos países americanos.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E PAZ
Mosteiro de San Martiño Pinarío. Santiago de Compostela
Tódolos días de 10 a 20 h. (excepto lúns). Ata o 31 de maio

Arcebispo de Santiago de Compostela

E agora que?, novo disco de Os Resentidos

Antón Reixa

'O rock é un mercado, o reto é saberse controlar'

■ XOÁN M. ESTÉVEZ

E agora que?, é o título do novo disco de *Os Resentidos*, e con tal ocasión Antón Reixa remozza a súa mensaxe. Galiza é xa unha teima neste criador, que non pára de atopar novas visións autóctonas.

Galegos extraterrestres; que ten de reclamo de marketing e de reflexión intelectual?

Teña o que teña, eu debo manter eso cunha profunda convicción. O que máis noto no mundo en que vivimos, é o trunfo da superstición. Debemos mantela cando a realidade circundante non nos satisfai; sempre temos ese recurso. Non é un reclamo de marketing.

As súas anteriores proclamas quedaron caducas: Vigo capital Lisboa, Vigo é unha nación, Sitio Distinto?

Nós en cada disco pelexamos por facer cancións, que, de seu, sempre teñen unha máxia. Nalguns casos, son cancións que comezas e nunca rematas; outras compoñen dunha forma case instantánea. De música pódese falar, pero das cancións que fas pouco podes dicir. En cada disco, adoitamos unha revelación ou un reclamo, que voste de dí de marketing; algo do que falar e que serva para facer pensar.

Como admirador que é vostede de Frank Zappa, que opina dunhas súas declaracións nas que manifestaba que o rock ficou convertido nun simple negocio. Pola súa banda, Sting dixó que o rock é reaccionario?

Ademiro moito a Zappa, pero cómpre termos claro que non deixa de ser un artista norte-americano no seu comportamento. A respecto de Sting, o seu *marketing* é o de pasar por unha certa perplexidade inxénuo. Se a ambos se lles dá por decatarse de que isto é un mercado, ou ben eran oligofrénicos anteriormente e non percibían ese mercado e por algunha razón chegarían a esa conclusión, o *rock and roll* é un mercado; o territorio da música popular moderna non é máis do que iso. Debes controlarte a ti mesmo dentro do mercado; ese é o reto. A música popular medieval transmitíana os xogares, boca a boca. A música popular de agora transmítea o propio mercado. Como todo mercado capitalista, é perverso, atroz.

Estou algo canso de gravar en Madrid

Unha das novidades do novo disco de Os Resentidos é a participación do duo folk basco *Tapia eta Leturia*.

Foi un disco feito moi entre amigos. A produción fíxoa Kaki Arkarazo, que é o guitarrista de *Negu Gorriak*, que veñen sendo en parte a derivación do que eran antes



ANXO IGLESIAS

Kortatu; eu teño moitos amigos bascos. A colaboración de *Tapia eta Leturia* é un tipo de achegamento entre músicos que procuramos primeiro aquí, pero non foi posíbel; non vou dicir con quen o tentamos. Gravámolo en Euskadi porque tiñamos ganas de facelo no medio dun ambiente moi cómplice. Persoalmente, excitábame o *babel* lingüístico que era o estudo; xente que entraba falando en euskera, en español, os que falabamos en galego... estou un pouco canso de andar por Madrid explicando de onde ves, que se estamos gravando en galego, unha cousa moi rara...

'Fártame ter que estar explicando en Madrid de onde veño'.

Neste ano 93, no que o grupo cumpre dez anos de vida, non se consolidou un mercado de rock en galego. Recordo escoitalle a un dos seus músicos do complicado que resultaba compor esta música no noso idioma, e dicía que o caso de A. Reixa viña dado pola súa formación cultural.

■ X.M.E.

Están aquí, ameazan *Os Resentidos* desde o seu último disco, que ven sendo igualmente o título dunha das cancións, que xa desde os primeiros compases de gaita, guitarra e batería resume o *corte* que une, un tras outro, os dezaseis temas da gravación. Unhas veces o ritmo tórñase trepidante, e o ouvinte corre o risco de perder o control do corpo no inevitábel movemento que provoca a música; outros temas, máis acougados, serven de relaxo necesario nunha aceleración, que apenas deixa un intre de calma nas primeiras notas da

Non lle resulta magoante este baleiro en xeral?

Non é un problema meu, é máis do idioma. Escrebo as miñas letras en galego porque é o meu idioma habitual e síntome cómodo nel. Que outro non o faga? Penso que ten moito a ver coa indolencia xeral que hai a respecto da normalización lingüística; é grave que na propia esquerda nacionalista, que debiera ser o sector social máis concienciado, non se dé unha batalla a prol da normalización do galego no ensino, do dereito á educación integramente no noso idioma. Estase impondo dunha forma tan gradual e lenta que xa non terá sentido cando se chegue ao final. Nos medios de comunicación acontece o mesmo. E como se eu pregunto se en *A Nosa Terra* senten coma un fracaso, logo de tantos anos publicando un periódico en galego, que non haxa máis escritos integramente no noso idioma. Non é un problema de *A Nosa Terra* senón da propia terra. Estánse perdendo moitas batallas en distintos medios, mesmo no mundo do vídeo.

Na presentación dun disco participou John Balán, nesta última gravación hai unha homenaxe a Carlos O Xestal, na TVG presentou a Ana Kiro como amiga do grupo. Séntese cómodo a carón de artistas coma estes?

Síntome cómodo a carón de case

todo o mundo. Ana Kiro leva cantando en galego durante moitos anos; é unha traxectoria que respeito, cousa que tamén podo dicir de Xil Ríos. Normalmente non se valora a coherencia lingüística que iso supón, eu sí; aparte, son amigos meus.

No programa da TVG *Vostede decide* leva moitas sorpresas a respecto das respostas da xente?

O que me interesa é a reacción social, cómo se expresan. Como vota a xente, máis ou menos é previsíbel. Ten máis riqueza a forma de expresarse no plató, e nas reportaxes que facemos por fóra.

Qué opina da frase de Vicente Risco, segundo a cal Galiza é un país que pretende suicidarse, e non o consegue?


O problema de Risco e dos homes daquela xeira era a súa teima por salvar o País. Penso que na Galiza hai unha forma de vida, que de momento permite seguirmos existindo; que é o de habitar continuamente nunha certa perplexidade, que non é nada paixoal, que non tolera ben determinados extremos sobre calquera atitude. Coido que iso é unha certa sabiduría cultural, que cómpre respetar, mála que desde fóra se nos caricaturice. Paréceme unha forma hábil de estar no mundo. Non me parece un sintoma de suicidio solapado, senón unha clave de sobrevivencia. ♦

O aturuxo como terapia colectiva

célebre canción do francés Gilbert Becaud, *Et Maintenant -E Agora Que* na versión galega. O ritmo en forma de salsa, pandeirada, de *rap* ou de simple e convencional *rock*. Mención especial para a gaita, que no *Bambán* condiciona o discurso instrumental do grupo neste tema que se inicia cun relato ambientado nunha feira, obra de Carlos O Xestal, a quen foi composta en homenaxe a canción.

Porque referencias folclóricas hai varias no disco. Como bó observador, Antón Reixa non desaproveita nada que lle poida ser útil na súa mensaxe *resentida*: aboga po-

lo *aturuxo* como terapia colectiva; recorre ao Hino Galego na mentada canción-estrela; cando canta ao *Nudismo*, cabe pensar que se está a referir ás polémicas estivais que xorden nalgúns praias galegas. O disco ven sendo, igualmente, un repaso á máis recente actualidade: a desunión soviética *-Triste Serguei-*; a enfermidade de fin de século *-Contra a SIDA Rock and Roll-*; a pornografía *-903-*; o alcoholismo *-Ocupando Bares-*. E a grande revelación: os galegos, que no noso devir histórico resistimos a romanización, somos extraterrestres. O que falla-ba no esperpento *resentido*. ♦



PRONTUARIO
ORTOGRÁFICO DE
GALEGO
Valentín Arias López

Este libro foi concebido como axuda para quen poña interese en escribir correctamente. Así como a fala lle debe respecto ás variedades locais da lingua —pois por algo existen—, na escrita debemos aternos con precisión á normativa vixente. O obxectivo, esta vez, fíxase no aspecto morfolóxico, reducindo a información teórica ó mínimo estrictamente indispensable, en beneficio da práctica, e abúndase en datos ordenados de consonte as características en que se repara. Son conxuntos selectivos que se forman cos elementos marcados pola experiencia docente co risco de propensión ó erro. Mais non se trata dunha lista de erros para evitalos. Pola contra, dise como se escribe, non como non se debe escribir cada vocábulo. Neste libro non se pensou maiormente en corrixir, senón en formar. Presentábase unha cantidade considerable de termos correctamente grafados, dispostos en series homoxéneas que facilitan a comprensión e estimulan as asociacións con mira á súa aprendizaxe. A finalidade deste libro é axudar a fixa-la grafía correcta das nosas palabras.

16 x 22, 240 páx. 995 pta.




Distribúe:
DISTRIBUCIÓNS ARNOIA
Ramalleira (Cruce de Bértola)
Teléfono (986) 70 93 40
36140 VILABOIA (Pontevedra)

Vitor Vaqueiro

'Non podemos separar o conflito de escribir en galego coas sancións ás etiquetas no propio idioma'

Desde 1979 até hoxe a obra de Vitor Vaqueiro ten evolucionado desde a poesía de intervención ao territorio, que el considera o seu natural, da narrativa. O compromiso coa lingua, razonado desde a insubornabilidade da súa

escollo normativa, fíxoo descender desde o cimo dos premios, a un silencio que non lle preocupa, alonxado de círculos intelectuais. "O soño dirixido" editado por *Ir Indo* nos mínimos da AS-PG, provocou reaccións encontradas.



■ XAN CARBALLA

"Publiquei por primeira vez no 79 en normativa oficial e a partir dos anos 80-83, con *A fraga prateada*, vou vendo outras posicións que se manifestan nesa altura, e vou introducindo novos supostos que me alonxan daquela posición inicial. O que definitivamente me fai mudar é a aparición no ano 1982 da normativa oficial vixente que tenciona excluir a todo aquilo que non sexa "galego normativo"; considero que o ILG adoita unha posición radical, discriminatória moitas veces. Esa posición é a que me decanta, non tanto como lingüista -que é obvio que non o son-, como democrata -que é obvio que o veño demostrando desde hai 25 anos. Hoxe vese moi claramente -e as consideracións económicas non son as menos importantes, coa aparición dun espazo económico que abranxe Galiza e Norte de Portugal- que hai que camiñar cara un achegamento gráfico co portugués, non sei se en dez ou en cincuenta anos. Mais hai que camiñar.

A súa preocupación é máis de norma ou de creación de lingua, como ten feito ver nalgún dos seus prólogos?

Por circunstancias históricas o galego evolue, non tanto de xeito diferente ao portugués, como mantendo elementos que a coxuntura histórica diferenciou ao sul do Miño, nomeadamente na fonética. Eu hoxe coído que cando hai que recorrer a neoloxismos ou terminoloxía científica, ou simplemente, termos que non existen en galego,

hai que acudir directamente do portugués. A función do escritor é escribir o mellor posíbel e contribuir á creación dunha linguaxe literaria; pero como a situación é confusa eu marcaría que non é tanto o achegamento ao portugués o importante como o establecer unha barreira ao español, que é quen nos presiona, quen nos atafega e quen tenta rillar a nosa lingua -coa complicidade dos que afnda, de boa ou de ma fe cren no bilingüismo. Hai que cortarlle todo tipo de entradas non só en aspectos léxicos, senón en xiros, construcións, etc... Ora, alén diso, onde se ha dar a batalla decisiva ha ser no uso diário. Erguer unha literatura nacional, que é unha misión que teñen os escritores, non é fácil. As balizas que temos situadas son escasas. Máis en poesía que en narrativa, onde contamos con Otero, Blanco Amor, Cunqueiro e non moito máis. Falo dos falecidos.

Seguindo con ese exemplo marítimo, que balizas bota en falta?

Existe unha tradición poética importante, que arrinca da Idade Média, e despois dunha interrupción de catro séculos, retómase no XIX. Desde entón, con eivas, hai referencias continuadas mesmo apesar do corte da guerra. Na novela ou no conto a cousa está máis restrinxida, e as referencias son bastante escasas. Quero dicir: no XIX temos a Rosalia, que é unha figura de altura europea. Carecemos, en troca, dun Balzac, dun Melville, dun Dostoievski. A narrativa galega contemporánea ten moi pouca entidade e está dando os primeiros pasos. Está máis difícil

'O capitalismo criou a teima da especialización e eu prefiro o modelo de Leonardo da Vinci'

Nunha entrevista do ano 84, resposta á crítica da frialdade da súa literatura, dicindo que non existen emocionógrafos para medir a intensidade da literatura. Sen embargo a súa mesteira de referencias non perden en parte ao lector?

En troques de utilizar ese concepto de *frio* eu, se callar, prefiro o de racionalista. Non creo que sexa literatura de élite. Eu procedo das ciencias e sintome a cabalo de dúas culturas. O capitalismo criou a teima da especialización, saber máis de cada vez menos cousas. Hai quen sabe moito de álxebras de Boole, de ananas brancas, ou de hidróleses en medios alcalinos e case nada de case nada máis. Iso é malo porque nos limita na nosa comprensión xeralizada e porque, ao mesmo tempo, ten unha perigosa repercusión social: deixemos que os médicos artellen hospitais; deixemos que os ensinantes estruturen o ensino; deixemos que os arquitectos e urbanistas reflexionen e modelen o entorno, deixemos que os políticos fagan a política... pasenñamente introdúcese un punto de vista manipulador e que tolle a participación. Coído que é máis correcta a idea de saber menos de moitas cousas, que permita

ao ser humano reflexionar, opinar de urbanismo, da recollida do lixo ou de literatura. Prefiro o modelo de Leonardo da Vinci ao especialista isolado no seu coñecemento específico. Embora, é evidente, que iso -reflexionar, pensar, propor alternativas- non é do interese do sistema.

Na perspectiva presente parece tan grave que alguén de *letras* fique tan perene dicindo que non sabe resolver unha ecuación de segundo grao como un de *ciencias* a dicir que non lle importa para nada Cortázar ou Kafka porque son cousas de literatos. Na miña poesía, e por iso quizais é fría para algúns, hai discursos variados, e, con efecto, pode haber certa escuridade. Para min o problema central é que, é difícil que, na situación presente, a poesía, a literatura, a arte, a reflexión, a crítica se abran paso. O que trunfa é o lixo, as "mama chicho", Gil y Gil, Manolo Escobar, a máquina da verdade(?), as guerras televisadas e a escrita consumíbel como o embrollo albal das hamburguesas. Non por suposto Brecht, nen Antonioni, nen Blanco Amor, nen tan sequer un católico honesto como Heinrich Böhl. Agora, certamente, outro tempo virá distinto a este. ♦

poñela en pé que a poesía, co factor social que iso implica, porque a narrativa polos lectores potenciais que ten, compre un labor máis importante na normalización.

O senso actual da poesía

Entrando na súa obra poética, que se corta hai sete anos con *A cámara de névoa*, que senso lle ve hoxe á poesía, arrincando daquela referencia que introduce o seu primeiro libro cunha frase de Aleixandre: *Escrebo quizais para os que non me len?*

O meu primeiro libro era unha recolleita de cousas que fora escribindo durante moitos anos. En *A fraga prateada* vese que o punto de vista que eu teño da poesía é de investigación sobre a linguaxe, de restauración. Como di Valente "Devolverlle á tribo as palabras gastadas, a linguaxe deturpada". Outro aspecto importante sería a explicación de temas que me preocupan especialmente: os mitos, a morte, a inxustiza, a tortura...E, finalmente, a idea que teño da poesía, como un medio indirecto, complementar a outros, de coñecemento. Niso sigo na liña que, hai anos aprendin de Hermann Broch.

A explicación do meu evoluir na poesía supoño que haberá que procurala no terreo da psicoloxía, como a da pasaxe da poesía á prosa. É un problema de imposibilidade porque non é un tránsito consciente ou por oportunismo á narrativa. En todo caso o que podía ter sido finxido son estes anos escribendo poesía. Eu empecei a escribir en prosa entre os 15 e os 19 anos e como tiña vergoña queimei todo, mágoa!! Cando voltei a escribir empecei coa poesía: era o Santiago do 67 e 68, e estaba influido pola lectura de León Felipe, Miguel Hernández, Neruda e coa idea da poesía como *arma cargada de futuro*. Coido que a función natural miña está na prosa que foi como comecei de adolescente.

'Hai que camiñar cara un achegamento gráfico co portugués, sexa en dez ou en cincuenta anos'.

Tanto nos libros poéticos como no recente *O soño dirixido*, hai unha manifesta mistura de xéneros.

Os xéneros literarios son convencións e simples ganas de intentar encasillar. Nesa evolución ao prosaismo quen seguira a miña pista talvez concluíse que era o meu destino natural como escritor. A cada libro incrementei o ton discursivo. *A fraga prateada* péchase cuns poemas en prosa e o derradeiro ten máis dun cento de versos que contan unha historia. En *A cámara de névoa* o verso faise máis longo e pasa de versos de oito a trinta e tres sílabas, converténdose case nun texto narrativo.

No prólogo de *O soño dirixido* fai unha *autopoética* do seu labor de escritor. En relación á

'A miña escrita móvea a aspiración a unha Galiza independente, xusta, libre, culta e solidaria'.

sua obra anterior, segue xogando cunha chea de referencias cultas, a mitos e persoaxes históricas, como se resolve ese desexo de chegar ao lector con esa literatura sobre literatura?

Un lector atento decátase de que non é un libro unitario. Hai relatos que eu non chamaria circulares -interésame Borges pero non a súa idea de que todo se repite, de que a Historia é circular-, senón en espiral ou, mellor aínda, helicoidais, que é como creo que se desenvolve a Historia; hai relatos nos que se presenta unha certa abstracción pero outros son moi claros. *Presenza dos ofidios* ou *Teoría do cicloide* son moi directos.

Se se pudiera definir o que eu fago creo que hai algúns vectores salientábeis. Un primeiro grupo relativo a preocupacións de todo ser humano que teña un mínimo de sensibilidade. Reflexións sobre o mito, sobre a historia, son, con efecto, menos abundantes. Un segundo vector sería a contribución ao erguemento dunha literatura propia e, finalmente, o terceiro motor que alenta a miña escrita, sería o amor polo meu país, non como idea abstracta, mais tanxíbel. Por iso quero que non fiquen ausentes temas como a inxustiza, o avasallamento exercido sobre sexos, nacións, razas, quer dicir todo iso que postula a constitución española e que nunca se cumpre, a persecución policial ou o imperialismo. A miña escrita móvena estes vectores, nomeadamente a aspiración a unha Galiza independente, xusta, libre, culta e solidaria. Hai quen rexeita este tipo de plantexamentos. Sen embargo, non existe, ao meu ver, nengun tema tabu, nengun tema prohibido, nengun tema non literarizábel. Parafraseando a Terêncio diría que nada do humano deberá ser alleo á Literatura. Isto non quer dicir que haxa que trabucar literatura con mitin político, programa eleitoral, ou campaña de *axit-pro*.

'O pacto normativo é importante para impedir que se retiren da circulación obras importantes'

Unha característica súa é o afastamento total dos círculos literarios?

É algo voluntario e corresponde a un xeito de ver a vida. Ten un correlato que implica a marxinación, xa que o grupo segrega. Todo colectivo, do tipo que sexa, marca unhas pautas de actuación que se non cumpres es rexeitado. Existe ademais outro factor que me alonxa destes grupos e me fai sentir incómodo: aínda que teño algúns moi bos amigos nesos círculos intelectuais dos que me falas, e facendo todas as excepcións que a xustiza reclama, vexo que, hoxe, unha das funcións que o escritor, o intelectual, ou o artista, debe exercer, e que é a actuación crítica sobre o Poder, ten desaparecido. Pero estar afastado de círculos literarios non quer dicir fóra da vida da sociedade, o que se relaciona co que antes dixen. Dinme "ti estás apartado" pero quen queira pode verme todos os 25 de Xullo na Quintana, traballando na *Mesa pola Normalización*, ou en outras actividades, nomeadamente as que se refiren á defensa do idioma e ao seu espallamento, cousas que para min son moito máis importantes que dar un recital de poesía, tomar copas en cafeterías especializadas en debate e exhibición de venres, ou outras fogueirías semellantes.

Que custes ten esa atitude?


Pois o que dantes dixen: certa marxinación, ao non seguir as pautas que o colectivo esixe. Vímolos na cuestión normativa. Ou noutros aspectos. Eu non me teño por un ser intransixente, aínda que si que creo ser bastante insubornábel en aspectos que acho cruciais. Creo que o ser humano se equivoca, acho moi natural a evolución da mente, parecenme lóxicas as trocas de enfoque. Ora nesta altura de curso, creo saber distinguir as trocas a prol da corrente e que implican benestar e mellora, daquelas outras que traen sufrimento e que se verifican contra o establecido. Quer dicirse: distingo perfectamente tomada de conciencia e arribismo. Sigo a crer nos valores que comecei a defender no 67 e que se expresan con palabras sinxelas: honestidade, decencia, ética, xustiza. Un día dixen que, se chegaba o caso, entre a escolla da normativa oficial e o silencio ia escoller o silencio. Afeito a publicar unhas semanas despois de rematar un libro pasei a ter que agardar catro anos até a súa saída. Se chegan a ser vinte para min sería o mesmo. Outra cousa sería que se pactase unha normativa, que eu, sen dudar, aceptaría.

Vostede fala de insubornabilidade. A normativa converteteuse

en alfándega para acceder á publicación ou aos premios ou á recomendación nos centros de ensino, cando só debía primar a calidade. Sería tamén necesario nese aspecto o consenso?

O pacto normativo sería importantísimo porque neste momento -e eu non vivo da literatura, nen dos artigos na prensa- creo que se lle escamotea aos lectores a obra dalgúns autores, alén doutras consideracións. Cando sae *O soño dirixido* en mínimos, publicado por *Ir Indo*, hai indignación nalgúns sectores porque non se me impuxo a normativa, pero tamén hai felicitacións á editorial por atreverse, cun xesto democrático, a rachar ese pacto de silencio. En definitiva, que sobre este punto, as opinións achanse enfrontadas, e a única solución sensata consiste na saída pactada que sería proveitosa para todos e todas. Se xa existe, mesmo publicada en libro, unha cousa que se chama normativa de concórdia, rematemos xa dunha vez con esta fenda que atranca e fai perder de vista as cuestións verdadeiras: normalización, descolonización lingüística e sociedade normal, cun único idioma, que é o noso. Outra cousa sería a competencia noutras linguas -cantas máis mellor- cousa que defendo.

NOVIDADES




1.450 pta

Blanco Amor, diante dun xuíz ausente. Biografía.

Ademais da case póstuma coquetería de reclamarse ambiguamente fillo do elegante Custodio, EBA tivo outra —"que compartín con Lorca"—: por nada do mundo ser un home do XIX. "Nacín en 1.900", mentía. Naceu o 13 de setembro de 1.897, no nº 27 da rúa Lepanto. Segundo a acta bautismal foi fillo lexítimo de Víctor Blanco, natural da Inclusa de Astorga, e de Aurora Amor. Foi bautizado cos nomes Eduardo Modesto...

Así comeza un dos capítulos da biografía de Don Eduardo Blanco Amor. Un estudio exhaustivo que a través de 372 páxinas e 47 fotos revela aspectos inéditos da vida do eximio escritor ourensán.

Recordos do mozo Mosquera, quinto do 98



Os escritos de Cesáreo Mosquera (1.876-1.955) recollen as lembranzas da aldea, nenez e alistamento como quinto para Filipinas, peripecias militares na Cía. de Cazadores, e vida dos soldados nas vilas e aldeas filipinas. Volta á Galicia e posterior emigración a Brasil e Iquitos (Perú) onde se establece primeiro como barbeiro e logo como dono dunha das máis importantes librerías do país. Un segundo documento é o diario de operacións dende xaneiro de 1.893 ata a rendición de Manila en 1.898. Inapreciables documentos sociolóxicos.

Os libros que todos os galegos deben coñecer!!

NIGRA IMAXE S.L.

Teléfono: (986) 49 05 57 - 29 60 49 VIGO

OS CASOS DE XANESTRADA en AO SERVIZO da CONSELLERÍA

RESUMO:
Xan Estrada busca pistas do roubo do pote da queimada.



O trinque

Cine


Axiña estará en pantalla *Malcolm X*, unha película

sobre o lider negro que o coñecido director Spike Lee presenta como unha lección de historia. ♦

Convocatorias

Curso Práctico de Fotografía

A Agrupación Cultural Alexandre Bóveda en colaboración co Colectivo Olo de Vidro, prepara un curso práctico de fotografía que vai do 26 de Abril ao 13 de Maio no local da Federación de Asociacións Culturais Galegas (R/ Emilia Pardo Bazán 25. 15.005 A Coruña). O importe da matrícula é de 10.000 pta. e o temario do curso comprende o manexo da cámara, flash, películas, filtros, revelado en branco e negro e positivado de ampliación. Para participar hai que ter unha cámara fotográfica tipo reflex, o resto do material necesario corre por conta da asociación. Máis información e matrículas na Federación de Asociacións Culturais Galegas ou nas librerías da Coruña: Couceiro, Nós e Lume.



Eduardo Blanco-Amor

rarse o nome e enderezo do autor. De cada obra hanse mandar cinco copias. O premio está dotado con 1.250.000 pta. e o Concello de Muros resérvase o dereito a contratar a primeira edición. O xurado fará público o fallo no mes de Setembro de 1993.

Xornadas de Ciencias Sociais

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), coa colaboración da UTEG-INTG, organiza unhas *Xornadas de Ciencias Sociais*, no I.B. Santa Irene de Vigo, do 7 ao 9 de Maio. Nas xornadas trataranse temas coma arqueoloxía, urbanismo, Comunidade Europea en relación con Galiza, exilio galego, arte románica e barroca, movemento obreiro na Galiza, dinámica da paisaxe galega e outros. A matrícula das xornadas custa 3.000 pta. para estudantes e parados, 2.000 pta. para membros da AS-PG ou da UTEG-INTG e 6.000 pta. para o resto. Máis información na AS-PG: (981) 27 82 59.

Programa de promoción comunitaria

O Concello de Vigo pon en marcha un programa de formación comunitaria dirixido aos barrios de **Cabral, Candeán e Lavadores**; que comprende cursos de *Organización básica de bibliotecas veciñais, animadores deportivos, animadores socioculturais, técnicas de busca de emprego; animadores do tempo libre, mediadores sociais, ximnasia de relaxación* e outros. Poden matricularse todos os que o desexen e señan da zona. Os cursos son de balde e a matrícula pode facerse na Unidade Básica de Acción Social de Lavadores: (986) 27 25 98.

VIII Certame Domingo Antonio de Andrade

A Asociación Cultural Domingo António de Andrade, de Cee (A Coruña), convoca a oitava edición do Certame de Poesía que leva o seu nome, ao que poderán concorrer poetas de calquera nacionalidade sempre que

Festas

... e romarías
Venres 23, festa en Valdeorras; **romaría de San Alberto** en Riveira. O mesmo día celébrase a festa de San Xurxo de Cereixo (Estrada, Pontevedra). ♦

usen galego nos seus orixinais. O certame artellase en dúas categorías, unha para maiores de 18 anos cun premio único de 20.000 pta. e outra para menores de 18 cun premio de 10.000 pta. Hai plena liberdade de tema, rima, métrica e normativa, pero os textos non poden pasar dos 100 versos. Para participar hai que presentar os orixinais por triplicado e cun sobre adxunto onde figuren fotocopia do carnet de identidade, enderezo e teléfono, na A.C. Domingo de Andrade. Apartado de Correos nº 62. 15.270 Cee. A Coruña. A data límite de admisión é o primeiro de Maio.

Os camiños do cine

Baixo o lema *Os camiños do cine*, celébrase no Centro Galego das Artes da Imaxe na Coruña (CGAI), do 7 ao 9 de Outubro, o **V Congreso da Asociación Española de Historiadores do Cine (AEHC)**. O congreso acollera tanto a membros de dita asociación coma a calquer interesado nas artes audiovisuais. Para poder facer algun tipo de ponencia ou comunicación hai que presentar antes do 30 de Abril o título e sinopse das comunicacións (máximo dous fólíos DIN A4, a dobre espazo). As ponencias poden versar sobre un tema libre ou sobre *Os camiños do cine* (itinerarios iniciáticos; a viaxe: modelos e xéneros; cine documental e viaxe; medios de transporte, etc). A inscrición é gratuita para os membros da AEHC, mentres que os non membros deberán abonar unha cuota de 5.000 pta. A asociación presenta unha serie de becas para estudantes ou para asistentes que queiran presentar ponencias. Máis información no CGAI (r/Durán Loriga, 10 Baixo. 15.003 A Coruña) ou no (981) 20 34 99, entre as 10 e as 14,30 h.

Prémio de imaxe e son Cidades Europeas

ADC/Oroleis de París prémia aos tres mellores vídeos, de 6 minutos máximo, sobre experiencias deportivas, culturais ou sociais dos xoves na cidade. Poden participar os xoves residentes nos países da Comunidade Europea con idades entre os 12 e 25 anos. O premio consta de material de vídeo e formación para os tres mellores, e se compromete a emitilos polos medios de comunicación. Mandar os vídeos até o **30 de Abril** a: ADC/Oroleis de París. EVB, 23 Rue Dargorno. 72.015 Paris. Tel: (07-33-1) 430 759 03. Fax: (mesmo código) 434 464 67, (Sr. René Godard). ♦

Anúncios de balde

Ofrecemos traballo manual para realizar na casa. Grandes beneficios. Solicite información enviando 2 selos de 28 pta. para a resposta, ao apartado de correos 254. Platja d'Aro. 17.250 Girona.

Véndese órgao Hammond. Perguntar por Javi no (981) 57 55 17.

O 24 de Abril vaise saber dunha vez para sempre sobre as relacións inefábiles entre o monte de St. Michel e a lagoa de Antela (seguimos pensando na superioridade da pataca nacional). Teatro de calidade, agasallos aos asistentes, lixo e crónicas da destrución. Será o único acto cultural na historia do país onde se saia a lombos de cabalo. Informádevos. Despois non digades que hai varios Sargadeos na enciclopedia galega. Nen que xa non se leva poñer "ás oito do serán". Alá vos.

O grupo ZAUM está a realizar o **vello proxecto da Bibliografía da Contracultura**. Contamos con medio milleiro de exemplares de publicacións marxinais comentadas e analizadas. Solicítanos nos mandedes un listado de direccións para poñermos en contacto. Temos a intención de abranguer outros campos: maquetas musicais, colectivos, okupacións, etc. ZAUM, Apartado 2.228. 18080 Granada.

Gustariame contactar con grupos ecoloxistas ou xente interesada nos problemas do medio ambiente. Rubén Chao Franco. Povoado do Barreiro G-3, 3ª dereita. As Pontes. A Coruña.

Véndese piso en Ourense. Evencio Baños. (988) 21 05 85, de 3 a 5 da tarde.

Véndense cachorros boxer. Pai con pedigree e gañador de varias exposicións. 30.000 pta. TI: (986) 85 62 97. Fax: (986) 22 31 01.

Véndense discos e cassettes. Gran oferta. Evencio Baños. Xoan XXIII, 13-7ª Dereita. Ourense. (988) 21 05 85.

Búscamos casa de pedra para restaurar, con terreo, perto do mar, que non sobrepase os 3 millóns de pta. Agradecemos toda información. Digna Herme Vilas, R/ Menéndez Pidal Nº 18-6º - 15007 A Coruña.

Véndese caravana en óptimo estado. Cinco prazas. Neveira. *Moncayo Mod. 395 serie Europa*. Chamar despois das 3 da tarde ao (988) 41 31 01, preguntar por Berto.

Véndese semanario A Nosa Terra, desde o Nº 415 en diante. Prezo 150 pta/número. Chamar ao (988) 29 00 27, en horas de traballo. Adrián da-Cunha.

Desapareceu Opel Corsa branco. PO-2199-T. Se o vedes chamade ao (986) 42 20 93.

Alégase piso amoblado en boa zona. Todo confort. Moi grande. Vigo. (986) 20 26 14 e 27 95 37. Preguntar pola Sra. Roo.

Particular vende piso en construción.

praza de garaxe e trasteiro. E de protección oficial. Zona de San Roque en Vigo. Para máis información chamen ao (986) 47 17 03.

O Concello de Chantada pretende facer unha recopilação de fotos antigas. Con este obxectivo chama a todos os chantadinos que teñan fotos anteriores ao 1975 e que presenten unha temática de interese xeral nun estado de conservación aceptábel para que, proporcionándoas temporalmente, o Concello poida reproducilas para unha exposición e, de ser posible, unha publicación específica. Entregar na Casa da Cultura xunto ca data de realización, referencia ao motivo representado, nome do autor e nome da persoa que a proporciona.

O Cineclub Lumiere-Vigo, recién constituído, fai unha chamada a todos os amantes do cine. Pretendemos facer realidade a idea dun cineclub, coas persoas que se acercan por primeira vez ao cine e todas aquelas que teñen unha paixonal afección polo cine. Atópasnos en: Lopez de Neira 22, 1º B, Mercores de 7 a 10 da tarde, ou ben chámamos ao teléfono (986) 43 67 73 de 15 a 18 h.

Desde hai unha longa década veño recollendo e arquivando toda clase de publicacións no idioma galego e agora tamén en portugués. Para min sería un fondo pracer que quen queira e poda me fixera chegar un exemplar alomenos da súa publicación, co gallo de engadila decontado nesta **Hemeroteca Galega**. Asemade para quen lle interese pode remitirle material repetido en galego, catalán e inglés. Remitir, contactar, trocar, dirixirse por favor a: Hemeroteca Galega. In Memoriam Ramiro Couñago. c/o Pere Barrufet-Couñago. Dammweg, 31. CH-5.000 Arau. Suiza.

Vendo varias colmeas povoadas de abella autóctona e tratadas sanitariamente. Máis información no (981) 46 09 81.

A *Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños (CEMMA)*, esta a levar a cabo unha campaña de protesta contra a caza de baleas enviando postais ás embaixadas de Noruega e Xapón. Poden solicitar 4 postais enviando vinte pesos en selos: CEMMA. R/ Rosalia Castro 138, 3º A, E. 15.706 Compostela.

Busco pegatinas políticas, sindicais e ecoloxistas da Galiza, desde a transición até os nosos días. Contestarei todas as cartas. Chorche Paniello. Centro de Recuperación de Pegatinas. Apto. de Correos 139. 22.400 Monzón. Huesca.

Véndese ou alégase o pub "Ponto e coma" de Cangas. (986) 30 02 62.

Nativo imparte aulas de portugués de conversación. Teléfono: 57 21 74. Santiago de Compostela. Filipe.

Véndese amplificador Peavey e Metrónomo Wittner. 30 38 58. Cangas. Perguntar por Padín. ♦

Música

Mato Congrio
Dia 17, no Centro Cultural Caixavigo actúan Mato Congrio, Paddy Maloney, a Banda de Gaitas Xarabal e a Escola Municipal de Danza de Vigo.

Doutor Hello
Actúan Venres 16, no Café Liceum do Porriño.

Orquestra Sinfónica de Galicia
Venres 23, no Centro Cultural Caixavigo. Director: Gilbert Varga. Interpretan obra de A. Copland e A. Dvorak.

Kenny Davern Trio
Dia 20 de Abril, no Centro Cultural Caixavigo. A actuación vai in-

cluída no programa de jazz de Vigocultura'93.

Orquestra Sinfónica Checa
Frantisek Vajnar, dirixe a Orquestra Sinfónica Checa acompañada de Andrei Gavrilov no piano, para interpretar o Concerto para piano de W. A. Mozart. Dia 16 no Teatro Jofre do Ferrol; o 17 no Teatro Principal de Pontevedra e o día 20 no Auditorio de Galicia en Compostela.

Himekami
Venres 16, no Centro Cultural Caixavigo. Himekami é un grupo xaponés formado por Yoshiaki Hoshi e Etsuko Hoshi. Na súa música reflexase o Xapón medieval através do sintetizador. ♦

Teatro

História do soldado
O Centro Dramático Galego e a Xove Orquestra de Galicia interpretan a versión de Manuel Guede da obra *História do soldado*, de Charles Ferdinand Ramuz e Igor Stravinsky. No Teatro Principal de Ourense do 18 ao 25 de Abril. Certas funcións van dirixidas á comunidade educativa, institutos, escolas, etc; para acceder a estas sesións para estudantes, que inclúen material de traballo para a aula, hai que se poñer en contacto co Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), no teléfono (981) 58 15 72.

Actos

Eduardo Blanco Amor: Traxectoria vital e obra
A Federación de Asociacións Culturais Galegas, en colaboración con Caixa Galicia e a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda; organiza un ciclo de conferencias, *Eduardo Blanco Amor: Traxectoria vital e obra literaria*, co que se tenta divulgar a historia persoal e creadora de Eduardo Blanco Amor. O ciclo desenrolase na Aula de Cultura Caixa Galicia (Rua Nova 30. A Coruña), con ponencias os Mércores ás 8 da tarde. O 21 de Abril, Francisco Salinas Portugal profesor na Universidade da Coruña, fará unha introdución á obra poética de Blanco Amor.

Cidade, desenvolvemento e medio ambiente
A Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña, promove unha serie de conferencias sobre desenvolvemento e medio ambiente que se celebran no salón de actos da Facul-

Ultranoite
Sábado 17, ás 11 da noite na Nave de Servizos Artísticos de Santiago. Noite de variedades que conta coa actuación de X. P. Manis, Xosé Oliveira Pico, Yuma o malabarista, Tomi medio gramo o rei dos sentidos e NASA Big Band.

Directamente Paco
Xoves 22, ás 11 da noite na NAVE de Santiago. Francisco Moreno Fontán, dirixe directamente Paco, un programa de rádio en directo cargado de humor. ♦

tade de Económicas da Universidade da Coruña. Dia 22, ás 11,30 da mañá Luis Gonzalez Seara falará encol de *conciencia ecolóxica e medio ambiente urbano*. Dia 28, a mesma hora, Enrique Martín López ha tratar o *desenvolvemento económico e o conflito urbano*.

Plantando futuro
Mel A Montaña organiza o proxecto *plantando futuro*, no que traballan o Colectivo Biotopo, Leyma e varios centros de ensino. A campaña consiste no reparto, entre o alumnado dos colexios, duns contenedores de cartón para plantar sementes de árbores nobres de Galicia. Nesta ocasión proporcionáronse as sementes e demais elementos para facer a plantación e para o ano que ven chegará o momento da trasplantaos a un terreo axeitado. Calquer centro de ensino pode pedir máis información sobre a campaña no Colectivo Biotopo (R/ Darwin 1. 15172 Perillo). Teléfono: (981) 63 65 98. ♦

Bernardo Bertolucci. Intérpretes: John Lone, Joan Chen, Peter O'Toole e Ying Ruo Cheng. O príncipe Pu Yi, aínda un neno, vai a Cidade Proibida onde a súa aboa agoniza, para ser nomeado novo soberano e emperador da China. Os espectaculares trocos que se van producir na situación política do país e do entorno van influir decisivamente na vida do novo emperador.

Matrimonio á italiana
Venres 23, en *Venres Cine* da TVG. Director: Vittorio de Sica. Intérpretes: Sofia Loren, Macello Mastroianni, Aldo Puglisi e Marilu Tolo. Vittorio de Sica, basease na traxicomedia *Filomena Marturano*, moi popular en Italia, para facer unha das súas películas máis desenfadadas. ♦

Televisión

Os que non perdoan
Sábado 17, en *Entrada Libre* da TVG. EEUU (1960). Director: John Huston. Intérpretes: Burt Lancaster, Audrey Hepburn, Audy Murphy, John Saxon e Lilian Gish. O propio John Huston renegaba insistentemente do filme por mor das desfeitas provocadas polo produtor, que fan que o western *Os que non perdoan*, non teña nengunha relación coa montaxe orixinal. De tódolos xeitos é un notable drama do Oeste encadrado na integración de indios e brancos nas comunidades alleas.

O derradeiro emperador
Sábado 17, en *Butaca Especial* da TVG. Italia-G.B. (1987). Director:

Exposicións



Exposición sobre o Xardin Botánico de Galicia na Casa da Conga compostelá.

Pintores do reinado de Felipe III

O Museo do Prado en colaboración con Caixavigo, ofrece a mostra *Pintores do reinado de Felipe III*, pertencente á serie *A pintura española durante os reinados de Austrias e Borbóns*. Comprende obra do Greco, Pantoja de la Cruz, Sánchez Cotán, Bartolomé González, Ribalta, Caxés, Carducho, etc. No Centro Cultural Caixavigo de 18 a 22 h. (festivos de 11 a 14,30 h.).

FAIM'93
A XXVIII edición da Feira Agrícola Industrial do Miño (FAIM'93), concentra a varios artesáns da provincia de Pontevedra: alfairos, orfebres, canteiros, cesteiros, construtores de gaitas, etc; que fan demostracións do seu xeito de traballar e amosan os seus produtos. Amáis disto no certame hai stands adicados a vinos, granito, automoveis, maquinaria agrícola, etc. Desde Sábado, día 17, no Instituto San Paio de Tui.

Vilaseco
O pintor Xosé L. Vázquez, Vilaseco, amosa parte da súa obra no Ateneo Sta.

Páxinas coordinadas por IAGO LUCA

Cecilia de Marín.

Salvador de Madariaga
A transformación da arquitectura andaluza nos cinco séculos que van de 1492 a 1992, na Casa da Cultura da Coruña.

Xurxo Oro Claro
Pinturas na Galería Obelisco da Coruña.

Aerografías
O Studio 34 de Ourense acolle unha colección de aerografías de Ramón Gallego.

Rafael Alonso
Pintura na sala de exposicións Caixavigo.

Jorge Cabezas
Apresenta a súa serie pictórica *figuración corrosiva*, mércores 21, na Nave de Servizos Artísticos (NASA) de Santiago.

Ksado
Monstra antolóxica do fotógrafo de meados de século, Luis Casado, no Pazo de

Fonseca en Santiago.

Assadour
Gravados na Galería Cegrac da Coruña.

Hósl
Gráficos e espellos conforman a mostra *Un austriaco na España*, de Hósl. Café Real de Ourense.

Arquitectura da auga
No Pazo Provincial de Lugo. A organización débese ao Colexio Oficial de Arquitectos e os deseños a Fernández Madrid.

M. Carrochano Gálvez
Acuarelas, óleos e plumillas na Delegación de Cultura de Pontevedra.

Xardin Botánico de Galicia
Os proxectos presentados para o Xardin Botánico de Galicia, na Casa da Conga (Praza da Quintana 3. Santiago).

Conde Corbal
A Deputación de Pontevedra, organiza a mostra de acrílicos de Conde Corbal.

do 12 ao 30 de Abril, no Castelo de Soutomaior.

Andoni Eubas
Expón a súa obra na galería Ad Hoc de Vigo.

E. Sempere
Un desenrol do problema lumínico da arte non-figurativa, através do período 1923-1985 de E. Sempere. A monstra pertence á serie de arte contemporánea do ICO. Até 2 de Maio na Casa das Artes de Vigo.

Sobre rodas
A evolución do transporte sobre rodas durante os últimos 100 anos, na Casa das Artes de Vigo.

Ana Pazarin
Do 13 ao 26 de Abril, na Sala de Arte Caixavigo. Ana Pazarin, expón a súa serie pictórica *Na búsqueda do Sol e dos ventos*.

Tino Grandío
Monstra antolóxica sobre o pintor galego Tino Grandío (1924-1977), que reconstrúe a súa traxectoria plástica através de 80 obras. Acolida no Museo do Povo Galego en Santiago durante todo Abril.

Mes do Cine
O Café da Fala (Irmandiños, esquina Martín Codax. Vigo), organiza unha monstra sobre o cine ao longo de Abril no propio café.

Manuel Pizcueta
Debuxos na busca de correspondencias e antíteses. Na Galería Sargadelos de Vigo até 24 de Abril.

Máscaras da Opera de Pequín
Papaventos organiza a monstra das máscaras da Opera de Pequín feitas en papel de arroz, exemplo de harmonía entre a cultura popular e o medio ambiente. Na Casa da Cultura de Chantada, até 20 de Abril. ♦

Pub DUBLIN
Unha viaxe na noite

MARTÍN CODAX, 11 - TELF. 22 07 50
VIGO

A COVA FOLK

ORZÁN 38 - A CORUÑA

FAGA UN PEQUENO ANÚNCIO NUN SEMANÁRIO AMIGO

A NOSA TERRA
TELF. (986) 43 38 30*

Catro balas na cabeza acabaron coa vida do secretario xeral do Partido Comunista Sul-africano

A ousadia de ser negro e comunista

■ FERNANDO CARBALLA

O movemento de liberación da África do Sul non está tratando cun inimigo militarmente derrotado. Era o que dicía hai un mes o presidente do Partido Comunista Sul-africano. Agora o seu camarada Chris Hani, secretario xeral do SACP, repousa baixo terra morto de catro tiros na cabeza á porta da súa casa, seguramente asasinado por un militante da extrema dereita, incapaz de resistir o futuro. Hoxe, miles de persoas maniféstanse polas cidades sul-africanas en protesta polo crime, o magnicidio máis importante desde que en Febreiro de 1990 se iniciara a reforma política no país coa liberación de Nelson Mandela e os demais presos políticos do Congreso Nacional Africano, un proceso que conduce inexorable á desaparición do *apartheid* e a formación dun goberno de maioría negra, nun país de maioría negra.

O Partido Comunista Sul-africano foi fundado en 1921 e a súa primeira divisa foi: "Traballadores do mundo unídevos e loitade por unha África do Sul branca". A vergonza dese estandarte borrouse aos poucos anos, ao se aceptar as teses de Lenin sobre a cuestión nacional e a cuestión colonial. A partir dese momento os comunistas xa pasaron a ser a besta negra de calquer réxime en Pretoria. En 1929, na celebración do *Dia de Dingaan* (dirixente zulu, un mito do século XIX), J. B. Marks declarou "África é nosa", un branco berrou "Mintes" e matou de un tiro a Mofutsanyana na tribuna, 700 negros arrestados; 1930, o xoven Nkosi morto a coiteladas, Gana Makabeni ocupou o seu lugar como organizador do P.C. en Durban, 200 militantes negros desterrados; todas as campañas de resistencia pasiva dos anos cincuenta, o incendio de pases nos sesenta; ataques e detencións, a matanza de Sharpeville, xuízos e condenas a cadea perpétua. O SACP opúxose á participación da Unión Sul-africana na coalición anti-názi porque o seu país practicaba o racismo igual que a Alemaña de Hitler. Logo o partido foi prohibido, e reorganizouse clandestinamente a partir de 1966.

Durante a folga xeral de 1946, e no proceso xudicial subsecuente, os argumentos da fiscalía centráronse en procurar un vínculo causal entre o Partido Comunista e a folga, basándose fundamentalmente no feito de J. B. Marks, presidente da Unión de Mineiros Africanos, ser ao mesmo tempo membro do P.C. e do consello nacional creado en 1941 polo movemento político negro, o Consello Nacional Afri-



Sede do Consello Nacional Africano en Londres.

cano. En Maio de 1948 entrou en funcións o primeiro goberno nacionalista *afrikaner*, que culminou a súa tarefa lexislativa co broche de ouro da fabricación do *apartheid*. En 1950 aprobou a Lei de Supresión do Comunismo e puxo en práctica a disolución do Partido como organización legal. A persecución mediante prohibicións, espionaxe e acoso dos movementos políticos negros produciu unha identidade de causas que finalmente borrou as diferencias entre o Congreso Nacional Africano, o Congreso Indio e o Partido Comunista, o que cristalizou na Alianza de Congresos deses movementos a principios dos sesenta.

A primeira oportunidade

Hai xa máis de cincuenta anos que os revolucionarios sul-africanos participan na fronte comun anti-racista. En 1993, o Congreso Nacional Africano encara por primeira vez a posibilidade de exercer o poder, de compartir o goberno. De aquí a un ano deben celebrarse as eleccións para a Asemblea Constituínte, por sufraxio universal e hase constituir un goberno de unidade coa participación de todas as opcións políticas eleitas por máis de un 5%. Tratarase de mobilizar o esforzo nacional durante os cinco anos que debe durar ese goberno, até o fin de século. Mandela non cansa de repetir que se ha de haber unha coalición será como en calquer outro país democrático.

Hai importantes sectores da poboación negra que consideran cinco anos como

un prazo excesivamente longo para cederlle aos partidos minoritarios o favor de co-gobernaren, pero para o Congreso Nacional Africano a clave está en considerar que é o que beneficia á maioría negra. Ao día seguinte dos comicios, o CNA podería exixir o goberno en exclusiva (hai inquiritos que lle outorgan o 60 e até o 70% dos sufraxios), pero a fronte nacionalista, con pragmatismo disciplinado, sabe que a maioría dos votos non dá o poder. A economía seguirá nas mesmas mans, as das grandes corporacións mineiras, da banca, da agro-industria, da distribución, a banca e os seguros, cun accionariado compacto e exclusivamente repartido entre brancos adherentes ao partido do actual presidente De Klerk. O mesmo sucederá co funcionariado, o poder xudicial, a policía e o Exército, co poderoso complexo militar-industrial, trufado ademais de intereses multinacionais.

A tarefa dos aliados do CNA, a organización de masas máis poderosa do país será comezar a transformación. Nas súas propias palabras, as eleccións non van traer a transformación, o verdadeiramente beneficioso para o país será compartir o poder con quen nunca consentiu facelo, pola forza, mesmo negando até a propia existencia dos outros. Poda que ao cabo dese tempo "vexamos que a cousa funcionou e que se decida seguir", a dicir de Slovo, o compañeiro do asasinado Chris Hani.

O Partido Comunista Sul-africano ten actualmente 40.000 militantes, menos un. ♦

TRES EN RAIA

O centauro da banca

■ G. LUCA DE TENA

Cada vez que o presidente do *Banesto* monta na súa poldra cor centeo, pon o chaleque de camarero de tablaio e carga o chapeo cordobés sobre o entrecello de fitar cotizacións de bolsa, setenta reporteiros corren que se matan tralas moscas da acémila.

Por que as revistas mandan a tantos atletas da instantánea a cheirarlle o rabo ao centauro da banca? Mario Conde foi o banqueiro que antes abrazou unha estética distante da garbada franquista e na competencia por retratelo bonito algún periódico dixó até que era *progresista*.

Presentado con botafumeiro polo conselleiro de Traballo Xosé Antonio Gil Sotres (que cobra de todos nós), Conde proclama na Toxa as virtudes da *libre empresa*. Obviamente refírese á liberdade do empresario para arriar o negocio cando lle pete (*mobilidade funcional e xeográfica*), para pasarse as oito horas (1886, media leva) polo ronza da égoa (*libre reaxuste de tempos de traballo*), usar os convénios coma cebada (*individuación dos salarios segundo rendemento*), e ensaiar a potencia da ferraduras sobre o cú dos obreiros (*flexibilidade de entrada e saída en cada empresa*).

Era tanta a temperatura cerebral do banqueiro renovador, que en corenta e cinco minutos de conferencia evaporou unha libra de brillantina.

Á súa beira, Cuevas parece Federico Engels. ♦

VOLVER AO REGO

Isabel Tocino non ten asistencia. Durme tres horas e atende a seis fillos —unha filla morreulle afogada na piscina. As súas obrigas non lle impideron tomarse unhas vacacións en Xaneiro que pasou en Nova Iorque. A quen lle di que vai moi piriposta contéstalle que se maquilla no taxi.

Mercedes de la Merced, tamén da executiva do PP, gusta de plancharlle as camisas a seu irmán, di que se relaxa. Ambas pensan que a clave está en "saber organizarse".

Son declaracións suas, da dereita que ven, íntima, popular e mentreira. ♦

'Calidade de cociña...
xenuinamente galega'

PÉREZ LEIRÓS, S.A.



Gándara de Prado, s/n.
36400 PORRIÑO
(Pontevedra)
Telf. (986) 33 02 52
Fax. (986) 33 13 77

